BOLSAS E PRÁCTICAS PROFESIONAIS

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O programa consiste na realización de prácticas industriais para estudantes da UE no Xapón.

XAPÓN. PROGRAMA VULCANUS

Requisitos

- Ser cidadán dun estado membro da UE.
- Ser estudante dunha titulación de enxeñería ou de ciencias, a partir do cuarto ano, nunha universidade da UE.
- Posuír un bo coñecemento de inglés.

Lugar

En empresas do Xapón.

Prazos de solicitude

A publicación da convocatoria realizase a finais/comezo do ano.

As prácticas desenvolveranse de setembro a agosto (12 meses).

Proceso de selección

O proceso de selección realizarase en base ao expediente académico, opinións dos profesores, aos coñecementos de inglés, a súa actitude fronte as relacións da UE co Xapón e á súa capacidade de adaptación.

Para máis información: eu-japan.eu

Duración e contía

A duración total é de 12 meses, repartidos do seguinte modo: un seminario dunha semana no Xapón, un curso intensivo de xaponés (4 meses) e prácticas nunha empresa xaponesa (8 meses).

A contía anual é de 1.900.000¥ (13.600€ aprox.).

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Senado convoca bolsas de formación arquivística, documental e bibliotecaria, dirixidas a mozos titulados que desexen especializarse nestes eidos.

SENADO. BOLSAS DE FORMACIÓN EN ARQUIVÍSTICA, DOCUMENTAL E BIBLIOTECARIA

Requisitos

- Estar en posesión dun título superior universitario de Diplomatura ou Licenciatura en Biblioteconomía e Documentación ou de Grao en Información e Documentación. Así mesmo podeerán optar a beca os posuídores de calquera Liceniatura ou título de Máster universitario, que acrediten haber cursado estudos en materias archivísticas, bibliotecarias ou documentais durante polo menos 200 horas lectivas, ou ben equivalentes a polo menos 8 créditos ETCS.
- Nacer con posterioridade ao 1 de xaneiro do 1990.
- Non ter gozado en anos anteriores da mesma bolsa do Senado excepto os substitutos que accedesen a mesma dentro do último trimestre do ano anterior.

Lugar

Sede do Senado (Madrid).

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

Proceso de selección

O proceso de selección será dirixido pola mesa do Senado.

Para máis información, consulta o seguinte enlace.

Duración e contía

As bolsas outórganse cunha duración dun ano e consistirán en doce pagos por meses vencidos de oitocentos (800) euros brutos. O Senado dará de alta ás persoas que obteñan a bolsa no réxime xeral da Seguridade Social, cotizando por todas as continxencias comúns e profesionais legalmente establecidas, coa excepción das de desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, de conformidade co disposto pola lexislación vixente en materia de Seguridade Social.

As bolsas son improrrogables e incompatibles con calquera outra bolsa concedida para o mesmo período, así como co desempeño de calquera actividade laboral.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

As bolsas teñen por obxecto a formación teórico-práctica en tarefas relacionadas coa recopilación, clasificación e publicación da doutrina constitucional.

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL. BOLSAS DE FORMACIÓN XURÍDICA

Requisitos

- Estar en posesión do titulo de Licenciado ou Graduado en Dereito ou un título doutro país que acredite unha formación xurídica equivalente.
- Ter rematado os estudos para a obtención do título universitario con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2012.
- Perfecto dominio das linguas española e inglesa ou francesea (lingua materna ou nivel C2 Marco Común Europeo de Referencia para as linguas).

Lugar

Na sede do Tribunal Constitucional.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Para máis información, consulta o seguinte enlace.

Duración e contía

A duración máxima prevista é de 12 meses, con posibilidade de prórroga de ata un máximo de 6 meses, se fose conveniente para o programa de formación.

A contía mensual prevista é de 1.100€ brutos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

As bolsas teñen por obxecto a formación teórico-práctica en tarefas relacionadas coa Xestión Documental e Arquivística.

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL. BOLSAS DE FORMACIÓN EN XESTIÓN DOCUMENTAL E ARQUIVÍSTICA

Requisitos

- Estar en posesión do titulo de Licenciado ou Graduado ou un título doutro país equivalente.
- Ter rematado os estudos para a obtención do título universitario con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2011.
- Valoraranse tamén o expediente académico, a experiencia profesional, a formación específica na materia e coñecementos de informática.

Lugar

Na sede do Tribunal Constitucional.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Consta dunha fase de valoración dos méritos dos candidatos e unha segunda fase de entrevista persoal.

Para máis información: tribunalconstitucional.es

Duración e contía

A duración máxima prevista é de 12 meses, con posibilidade de prórroga de ata un máximo de 12 meses, se fose conveniente para o programa de formación. A contía mensual prevista é de 1.100€ mensuais brutos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O IEMed ofrece bolsas de prácticas para titulados superiores nos ámbitos de políticas euromediterráneas, mundo árabe e mediterráneo, desenvolvemento socioeconómico, cultura e sociedade civil e comunicación, coa fin de levar a cabo tarefas relacionadas cos diferentes campos de actuación do IEMed e promover o seu estudo e coñecemento, así como colaborar no conxunto de actividades do Instituto.

INSTITUTO EUROPEO DO MEDITERRÁNEO. BOLSAS DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Posuír un título universitario superior.
- Ser nacional dun dos 43 países do ámbito euromediterráneo.
- Ser menor de 30 anos.
- Dominio en castelán e de inglés e/ou francés.

Lugar

No Instituto Europeo del Mediterráneo, Barcelona.

Prazos de solicitude

No último trimestre do ano.

Proceso de selección

Para máis información: iemed.org

Duración e contía

A duración máxima é de 12 meses.

A contía anual é de 9.600€ brutos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O IAC publica anualmente unha convocatoria a nivel mundial de bolsas destinadas a mozos con titulación universitaria superior recente, preferentemente en Física (e ocasionalmente en Matemáticas ou Enxeñería).

INSTITUTO DE ASTROFÍSICA DE CANARIAS. BOLSAS DE PRÁCTICAS

Requisitos

- 8 bolsas de verán están destinadas a estudantes universitarios de titulacións superiores ou máster, preferentemente de Física ou Matemáticas con orientación Astrofísica, que no momento da presentación de instancias tiveran superado, a lo menos, 180 créditos da titulación superior que presenten e ter unha nota media de 7,5.
- 6 bolsas para a formación de recén titulados e estudantes dos últimos cursos universitarios de titulacións superiores de ciclo largo e de grao, preferentemente de Enxeñaría ou en Ciencias Físicas ou afín. A súa finalidade é a de formar a ditos estudantes ou recén licenciados no desenvolvemento tecnolóxico asociado á investigación astrofísica.
- 2 contratos predoutorais para realizar unha tese doutoral no marco do “Programa Internacional de Becas de Doutorado “la Caixa”-Severo Ochoa - Astrofísicos Residentes del IAC. Está destinada a titulados superiores, preferentemente en Física ou Matemáticas, que estean en condicións de obter a admisión ó programa de doutorado de Astrofísica da Universidade da Laguna antes da súa incorporación ó IAC.

Lugar

Illas Canarias

Prazos de solicitude

No primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Máis información na páxina oficial do IAC: iac.es

Duración e contía

Estas bolsas son renovables anualmente ata un máximo de 4 anos. No caso da obtención do título en menos tempo, contémplase a renovación coma un contrato laboral.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O programa europeo FARO ten por obxecto facilitar a realización dun período de prácticas en empresas no ámbito internacional.

SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO. PROGRAMA FARO PRÁCTICAS PROFESIONAIS

Requisitos

- Estudantes españois e estranxeiros menores de 30 anos.
- Estar matriculado como estudante de Grao, Máster, Licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura e ter superado polo menos un 70% dos créditos.
- Non ter sido beneficiario dunha bolsa de mobilidade para a mesma finalidade.
- Cumprir cos requisitos de entrada e permanencia no país de destino.

Lugar

Diversos países.

Prazos de solicitude

A convocatoria permanecerá aberta até o 2017, pero o proceso de inscrición realízase segundo estipule o Ministerio de Educación. Na convocatoria 2015 levouse a cabo no segundo trimestre do ano.

Proceso de selección

No proceso de selección valorarase o expediente académico, o curriculum vitae, o nivel de idioma requirido e outros requisitos establecidos pola empresa.

Para máis información, consulta o seguinte enlace.

Duración e contía

A contía da bolsa é de entre 400-1200 euros ao mes, segundo o país de destino.

A duración da estancia é de entre 5 e 8 meses.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A AECID convoca bolsas, mediante concorrencia competitiva, para a formación de especialistas en cooperación internacional para o desenvolvemento.

AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL (AECID). BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Ter a nacionalidade española.
- Ser menor de trinta anos de idade.
- Non ser beneficiario desta mesma bolsa en edicións anteriores.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das actividades.
- Estar en posesión de título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou de grao para os títulos creados a partir do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais.
- Coñecemento de inglés e francés ao nivel de B2.

Lugar

As bolsas desenvolverase na sede da Axencia en Madrid.

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

Proceso de selección

Máis información en: aecid.es

Duración e contía

A duración é de 12 meses, prorrogable por outros 12, e a contía é de 1.100€ mensuais.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A Fundación SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais) desenvolve o "Programa SEPI" co obxectivo de posibilitar un período de formación práctica no eido empresarial.

FUNDACIÓN SEPI. BOLSAS PROGRAMA SEPI

Requisitos

- Ser cidadán dun Estado membro da UE.
- Nacer con posterioridade ao 31.12.1988.
- Ser titulado universitario con posterioridade ao 31.12.2015.
- Estar en posesión dalgún dos títulos incluídos na convocatoria.
- Non ser beneficiario dalgún programa de bolsas da Fundación con anterioridade.
- Nivel medio-alto de inglés e nivel usuario informática.
- Estar disposto a residir en Madrid.

Lugar

Na sede da SEPI (Madrid).

Prazos de solicitude

No segundo semestre do ano.

Proceso de selección

O proceso de selección consta dunha fase na que se valorarán os méritos académicos e coñecementos de informática e idiomas dos candidatos, e unha fase de entrevista persoal co xurado e responsables de departamento.

Para máis información: fundacionsepi.es

Duración e contía

A duración total é de 6 meses, pero a fundación poderá ampliar a duración da bolsa cando a entidade colaboradora o solicite, até completar o período formativo establecido. Asemade, a solicitude do SEPI, a fundación poderá prorrogar as bolsas por outros dous períodos consecutivos de seis meses cada un até un máximo de 18 meses.

O bolseiro percibirá unha asignación mensual de 885€/mes ou a parte proporcional que corresponda en función da data efectiva da incorporación do bolseiro, así como un seguro de accidentes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O programa europeo de Erasmus+ ten por obxecto facilita-la realización dun período de prácticas en empresas e organismos públicos dos seguintes países: Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia, Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal, República de Macedonia do Norte, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Rumanía, Serbia e Turquía.

SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO. PROGRAMA ERASMUS+ PRÁCTICAS PROFESIONAIS

Requisitos

- Posuír a nacionalidade dun país da UE.
- Estar matriculado como estudante de grao, máster, licenciatura, enxeñería ou diplomatura e ter superado polo menos un 50% dos créditos.
- Non exceder o máximo de 12 meses de axudas de mobilidade no mesmo ciclo de estudos.
- Nivel B1 no idioma de destino ou superior no caso de que o requira a entidade.
- Contar cun acordo de formación cunha entidade válida.

Lugar

Estados membros da Unión Europea.

Prazos de solicitude

Santiago: A convocatoria abre no primeiro trimestre e permanece aberta ate esgotar os fondos ou ate ou 30 de xuño.
usc.es

Coruña: A convocatoria abre no primeiro trimestre e permanece aberta ate esgotar os fondos ou ate ou 30 de maio.
udc.gal

Vigo: A convocatoria abre no primeiro semestre do ano e permanece aberta ate esgotar os fondos ou ate o 31 de marzo.
uvigo.es

Proceso de selección

No proceso de selección valorarase o expediente académico, o nivel de idiomas e a calidade da carta de motivación e o plan de traballo. Tamén se terá en conta a orde de chegada das solicitudes.

Duración e contía

A contía da bolsa é de 300-400 euros ao mes, segundo o país de destino.

O número máximo de meses de estadía financiados é de 3. A estadía pode prolongarse ate 12 meses pero sen financiamento.

MUSEO NACIONAL DO PRADO. BOLSAS DE INFORMACIÓN E INVESTIGACIÓN NA ÁREA DE BIBLIOTECA, ARQUIVO E DOCUMENTACIÓN

Requisitos

- Licenciatura ou Grao en Información e Documentación cun máximo de 6 anos de antigüidade no momento da convocatoria. Ø
- Media mínima de 7 puntos.
- Memoria do proxecto a realizar.
- Coñecementos sobre recursos bibliográficos online, especialmente os relacionados con historia da arte; catalogación e documentación en museos, sistemas informatizados de xestión documental en bibliotecas, arquivos e museos, coñecemento sobre historia da arte e colecciónes do museo.
- Dominio de inglés e francés.

Lugar

No Museo Nacional do Prado (Madrid).

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Unha Comisión de Estudio e Valoración, efectuará a valoración das solicitudes en dúas fases: valoración de méritos e da proposta e xustificación da petición da bolsa, e entrevista presencial.

Para máis información: museodelprado.es

Duración e contía

A duración é de 12 meses, renovable por outros 12 e ten unha contía total para cada bolsa de 18.000€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A bolsa ten por obxecto a formación teórico-práctica en tarefas relacionadas co estudo e co tratamento bibliográfico das monografías e das publicacións periódicas da biblioteca do Tribunal Constitucional.

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL. BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN

Requisitos

- Estar en posesión do titulo de Licenciado ou Graduado en Biblioteconomía e Documentación ou un título doutro país que acredite unha formación equivalente.
- Ter rematado os estudos para a obtención do título universitario con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2012.
- Valoraranse tamén o expediente académico, a experiencia profesional, a formación específica na materia e coñecementos de informática e francés, inglés e alemán.

Lugar

Na sede do Tribunal Constitucional.

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

En 2020, a convocatoria finaliza no mes de novembro.

Proceso de selección

Consta dunha fase de valoración dos méritos dos candidatos e unha segunda fase de entrevista persoal.

Para máis información, consulta o seguinte enlace.

Duración e contía

A duración máxima prevista é de 12 meses, con posibilidade de prórroga de ata un máximo de 12 meses, se fose conveniente para o programa de formación.

A contía mensual prevista é de 1.100€ mensuais brutos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

Convócanse bolsas de formación e especialización no Instituto Cervantes para formar especialistas na promoción do ensino, o estudo, o uso da lingua e da cultura española e hispanoamericana no exterior, a adquisición de coñecementos prácticos en sistemas de información, de xestión, de difusión e xestión cultural e a ampliación do ensino, o uso e coñecemento do castelán.
As bolsas distribúense entre os seguintes departamento: contabilidade e tesourería (3), contratación e xestión patrimonial (2), oficina orzamentaria (1), informática (2), hispanismo (11), certificación e acreditación (1), formación de profesores (2), ordenación e proxectos académicos/certificación e acreditación (1), xestión persoal (1), relacións colectivas (1), selección e inspección (1), documentación e xestión de materiais culturais, xestión cultural multidisciplinar (3), aplicacións informáticas e administración (1), biblioteca e documentación (1), relacións institucionais e xestión de actividades (1), relacións institucionais e xestión de espazos (1), asuntos institucionais e externos (1), xestión comercial e marketing (2), comercio electrónico e marketing (1), desenvolvemento de control económico (1), patrocinio (1), edición web e audiencias de internet (1), produción audiovisual (1), contidos web (1), deseño gráfico (2), edición e tecnoloxías web (1), arquivo e documentación dixital (2), proxectos terminolóxicos (1), convenios e relacións internacionais (2) e secretaría xeral (1).

INSTITUTO CERVANTES. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Posuír a titulación universitaria de segundo ciclo ou grao, requirido pola praza, expedida por universidades españolas nos cinco cursos académicos anteriores a data de presentación da bolsa.
- Non ter sido bolseiro con anterioridades doutra bolsa das mesmas características no Instituto Cervantes cunha duración superior a un ano.

Lugar

Sedes do Instituto Cervantes en Madrid e en Alcalá de Henares.

Prazos de solicitude

No último trimestre do ano anterior.

Proceso de selección

Consulta a información sobre o procedemento particular para cada bolsa no seguinte enlace.

Duración e contía

A duración máxima é de 12 meses, podendo prorrogarse ata un máximo doutros 12 meses.

A contía mensual é de 800€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Ministerio de Defensa convoca 11 bolsas para formar a persoal investigador nas instalacións do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA).

INSTITUTO NACIONAL DE TÉCNICA AEROESPACIAL (INTA). MINISTERIO DE DEFENSA. BOLSAS PARA PERSOAL INVESTIGADOR

Requisitos

- Ter a nacionalidade dun Estado membro da UE, ou ser estranxeiro residente en España no momento de solicitar a bolsa.
- Posuír o título de licenciado, graduado, enxeñeiro ou enxeñeiros técnicos con máster indicados na convocatoria e obtido entre o 15 de xaneiro de 2014 e o 14 de xaneiro de 2018.
- Non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade formativa que constitua o obxecto da beca.
- Non incurrir en ningún dos supostos do artigo 13.2 da Ley 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non ter disfrutado anteriormente dunha bolsa de INTRA ni ter relaciós laborais ou administrativas previas con Instituto.

Lugar

Nas dependencias do INTA de Torrejón de Ardoz (Madrid).

Prazos de solicitude

No primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Toda a documentación presentada será a base da avaliación de cada candidato, valorando especialmente a nota media do expediente académico, o currículo e a entrevista persoal.

Para máis información: inta.es

Duración e contía

A duración será de dous anos, podendo ser prorrogadas por un ano máis.

A contía mensual é de 1.000 euros brutos mensuais.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

CITIUS é un Programa de Iniciación Profesional na Empresa promovido pola Fundación Universidade-Empresa, a Universidade Autónoma de Madrid e a Universidade Autónoma de Barcelona. Consta de dúas partes:
1) Plan de Formación Específica na Empresa: prácticas tuteladas e outras actividades formativas nalgunhas das empresas asociadas.
2) Plan Académico de Formación: existe unha ampla gama de itinerarios personalizados para que os bolseiros de CITIUS podan completar a súa formación nas direccións que aconsellen o seu labor na empresa receptora, a súa formación previa e o seu desenvolvemento profesional. Os bolseiros que realicen as prácticas fóra da Comunidade de Madrid realizarán este plan a distancia.

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA, UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE MADRID E UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE BARCELONA. PROGRAMA CITIUS

Requisitos

- Ser cidadán español ou estranxeiro con permiso de residencia/estudo.
- Ser menor de 30 anos no momento de realizar a solicitude de admisión.
- Posuír un título universitario oficial homologado de graduado, diplomado, licenciado, arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro, ou enxeñeiro técnico que se adecúe ás prazas ofertadas en cada convocatoria, e obtido nos últimos catro anos.
- Non ter desempeñado traballo profesional algún relacionado coa súa titulación, por conta propia ou allea. Inclúense os contratos laborais en prácticas para a formación, os contratos temporais e os mercantís.
- Non ser beneficiario deste programa de bolsas con anterioridade.
- A condición de bolseiro do programa é incompatible con calquera traballo remunerado, coa percepción do seguro de desemprego e con calquera outra bolsa de calquera tipo, así como calquera actividade profesional ou académica que impida a normal realización das prácticas o da actividade lectiva prevista no Programa.

Lugar

En España.

Prazos de solicitude

Convocatoria aberta todo o ano.

Proceso de selección

A selección dos bolseiros e a adxudicación das prazas realizarase polo Comité de Dirección do programa xunto cos representantes das empresas participantes. Teranse en conta os méritos académicos, os estudos e actividades complementarias e os coñecementos de idiomas e informática.

Para máis información: talentoteca.es

Duración e contía

A duración total é dun ano, e o bolseiro percibirá unha dotación bruta mínima de 800€/mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A Fundación SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais), en colaboración con Deloitte, convoca o "Programa Deloitte", co obxectivo de posibilitar un período de formación práctica.

FUNDACIÓN SEPI-DELOITTE. BOLSAS DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Ser cidadán dun Estado membro da UE.
- Ser titulado universitario da algunha universidade oficialmente recoñecida.
- Estar en posesión dalgún dos títulos incluídos na convocatoria por parte dalgunha universidade oficialmente recoñecida.
- Non ser beneficiario dalgún programa de bolsas da Fundación con anterioridade.
- Nivel medio-alto de inglés.
- Estar disposto a fixar a residencia no lugar de realización da bolsa.

Lugar

Nun dos centros que Deloitte ten en España.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

O proceso de selección estará a cargo dun xurado composto por representantes de Deloitte e da SEPI.

Consistirá nunha fase de preselección, probas psicotécnicas, unha dinámica de grupo e unha entrevista.

Para máis información: https://fundacionsepi.es

Duración e contía

A duración total é de 6 meses, podendo ser prorrogados outros 6 meses, prevéndose o seu comezo para principios de abril.

O bolseiro percibirá unha dotación bruta entre 600 e 1.400€/mes. No caso de que a duración sexa menor a catorce meses, poderá prorrogarse a bolsa.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A Fundación SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais), en colaboración co Airbus Group, convoca 20 bolsas no marco do programa “Fundación SEPI-Airbus Defence and Space”, co obxectivo de posibilitar un período de formación práctica.

FUNDACIÓN SEPI-AIRBUS. BOLSAS DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Nacer con posterioridade ao 31.12.1987.
- Estar en posesión do título de Enxeñeiro Superior, Grao ou Máster nunha especialidade relacionada.
- Ter rematada a titulación con posterioridade ao 31.12.2014.
- No ser beneficiario dalgún programa de bolsas da Fundación con anterioridade.
- Nivel de inglés alto (C1 o equivalente).
- Inscribirse no MBA, especialidade Aeronáutica, impartido pola Escuela de Organización Industrial (EOI) cun coste de 8.000 euros.

Lugar

A formación práctica dos bolseiros desenvolverase en calquera dos centros de traballo que AIRBUS e ALESTIS teñen establecidos en Sevilla.

Prazos de solicitude

Durante o segundo semestre do ano.

O prazo de solicitude para a convocatoria do ano 2018 rematou o 26 de setembro do 2017.

Proceso de selección

O proceso de selección estará a cargo dun xurado composto por representantes do grupo Airbus e da SEPI.
Consistirá nunha fase de preselección e nun conxunto de probas de aptitude e competencias, proba de inglés e unha entrevista.

Para máis información: fundacionsepi.es

Duración e contía

A duración total é de 12 meses, co seu inicio previste no mes de xaneiro.

O bolseiro recibirá unha asignación de 920 euros ao mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A Fundación SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais), en colaboración co Instituto de Crédito Oficial, convoca bolsas co obxectivo de posibilitar un período de formación práctica.

FUNDACIÓN SEPI-ICO. BOLSAS DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Ser cidadán dun Estado membro da UE.
- Nacer con posterioridade ao 31.12.1990.
- Obter un título requerido durante os catro anos anteriores ao ano do proceso en curso.
- Estar en posesión dalgún dos títulos incluídos na convocatoria.
- No ser beneficiario dalgún programa de bolsas da Fundación con anterioridade.
- Nivel medio-alto de inglés.
- Nivel usuario de informática.

Lugar

Na sede do ICO (Madrid).

Prazos de solicitude

Durante o primeiro semestre do ano.

O prazo para a convocatoria do ano 2018 rematou o 12 de febrero de 2018.

Proceso de selección

O proceso de selección estará a cargo dun xurado composto por representantes do ICO e da SEPI.

Consiste nunha fase de preselección e nunha entrevista.

Para máis información: fundacionsepi.es

Duración e contía

A duración total é de 6 meses, podendo ser prorrogados por outros dous períodos de 6 meses.

O bolseiro recibirá unha asignación de 700 euros ao mes.
No caso de prórroga a asignación será de 850 euros ao mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

Programa do Ministerio de Asuntos Exteriores de Francia para a realización de prácticas profesionais en empresas ou na administración de Francia.
O Voluntariado Internacional en Empresa (VIE) é un programa francés de mobilidade internacional en empresas para mozos profesionais de entre 18 e 28 anos, aberto aos candidatos da Unión Europea.

FRANCIA. MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES. VOLUNTARIADO INTERNACIONAL EN EMPRESAS

Requisitos

- Estudantes, licenciados recentemente ou desempregados.
- Ser cidadán dun Estado membro da UE ou do Espazo Económico Europeo.
- Alto nivel de francés.
- Ter unha idade comprendida entre os 18 e 28 anos.
- Carecer de antecedentes penais.

Lugar

Empresas francesas ou administración de Francia no estranxeiro.

Prazos de solicitude

A solicitude faise mediante inscrición na web.

Proceso de selección

A web publica asiduamente as distintas ofertas de prácticas profesionais e o candidato terá que enviar o seu CV e carta de presentación directamente. Será a empresa quen realice a selección final do beneficiario.

Máis informacion: diplomatie.gouv.fr

Duración e contía

A duración destas bolsas é de entre 6 e 24 meses.

O bolseiro percibirá mensualmente unha contía fixa de 660€, máis unha parte variable en función do país.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A Axencia Estatal de Meteoroloxía convoca bolsas para a formación en proxectos da Axencia Estatal de Meteoroloxía, relacionadas coas actividades do organismo.

AXENCIA ESTATAL DE METEOROLOXÍA. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Estar en posesión do título de licenciado ou graduado universitario en ciencias, enxeñería superior ou equivalente, obtido con posterioridade o 2005-2006.
- Valorarase o coñecemento de idiomas, especialmente de inglés.
- non ter sido beneficiado de ningunha beca AEMETpreviamente e Estar, en su caso, en condicións físicas para o corrcto desenvolvemento da actividade formativa que constitúa o obxecto da bolsa.
- Posuír a nacionalidade española, a dun país membro da Unión Europea ou a dun país sinatario do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, e ter un dominio correcto da lingua castelá, no caso dos candidatos que non sexan españois.

Lugar

En diferentes puntos da xeografía española, segundo o proxecto que se vaia desenvolver.

Prazos de solicitude

Durante os 15 días seguintes á publicación da convocatoria no BOE.

Proceso de selección

O proceso de selección divídese en dúas fases:
1) Valoración da documentación presentada.
2) Entrevista persoal.

Para máis información: aemet.es

Duración e contía

As bolsas comenzarán desde a incorporación dos bolseiros tras a notificación da resolución da súa concesión e terán a duración que se estableza na convocatoria, cun máximo dun año. Poderán ser prorrogadas anualmente, segundo o disposto nas convocatorias, até doce meses máis, sempre que exista a correspondente dotación orzamentaria e sexa positivo para o desenvolvemento do proxecto.

A súa dotación económica específica variará segundo a convocatoria, de acordo á cuantía da previsión orzamentada, sendo adecuada para a tarefa formativa realizada. Á súa cuantía aplicaráselle os descontos e retencións procedentes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

As bolsas Endeavour Executive son un programa do Goberno australiano destinado a profesionais e investigadores estranxeiros. Céntranse no desenvolvemento de habilidades e coñecementos por medio dun ambiente de traballo en lugar de mediante a inscrición formal nun programa de estudos. Estas actividades de desenvolvemento profesional poden incluír coaching empresarial, cursos para o desenvolvemento de habilidades de liderado, tutorías, formación *peer-to-peer*, etc. Sempre nun ambiente de empresa, e non académico.

AUSTRALIA. BOLSAS ENDEAVOUR EXECUTIVE

Requisitos

- Ter máis de 18 anos.
- Ser cidadán ou residente dun dos países participantes.
- Comezar o programa entre xaneiro e novembro.
- Non ter recibido unha axuda do goberno australiano para o mesmo fin.
- Os solicitantes deben ser seleccionados pola súa empresa de orixe ou pola empresa de destino. Será o solicitante o que se encargará de facer a procura da empresa concreta na que levar a cabo o período da bolsa.
- Valorarase ter un bo expediente académico e experiencia profesional.
- Realizar unha proposta explicando o aproveitamento que se acadará durante a bolsa e os beneficios que terá no posterior desenvolvemento profesional.
- As posibilidades de desenvolver vínculos entre a empresa australiana e as empresas do país de orixe do solicitante.

Lugar

Empresas australianas.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Máis información no seguinte enlace.

Duración e contía

As bolsas terán unha duración de entre un e catro meses.

A contía alcanza os 18.500 dólares australianos que se dividen en axudas para o viaxe (3.500 dólares), para o establecemento (2.000 dólares), abonos mensuais de 3.000 dólares e seguros de saúde e de viaxe.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

Estas bolsas teñen por obxecto a formación teórico-práctica en tarefas relacionadas coa Informática propia do Tribunal Constitucional, en especial a relacionada coas tarefas xurisdicionais e de apoio informático.

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL. BOLSAS DE FORMACIÓN EN INFORMÁTICA

Requisitos

- Estar en posesión do titulo de Enxeñeiro Superior, Técnico ou Graduado en Informática ou un título doutro país equivalente.
- Ter rematado os estudos para a obtención do título universitario con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2012.
- Posuír coñecementos de inglés correspondentes ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas.
- Valoraranse tamén o expediente académico, a experiencia profesional, a formación específica na materia e coñecementos adicionais de idiomas.

Lugar

Na sede do Tribunal Constitucional.

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

Proceso de selección

Consta dunha fase de valoración dos méritos dos candidatos e unha segunda fase de entrevista persoal.

Para máis información, consulta o seguinte enlace.

Duración e contía

A duración máxima prevista é de 12 meses, con posibilidade de prórroga de ata un máximo de 12 meses, se fose conveniente para o programa de formación.

A contía mensual prevista é de 1.100€ mensuais brutos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A bolsa ten por obxecto a formación teórico-práctica en tarefas relacionadas co estudo e co traballo do Dereito Constitucional comparado e a actividade internacional do Tribunal Constitucional.

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL. BOLSAS DE FORMACIÓN EN DEREITO CONSTITUCIONAL

Requisitos

- Estar en posesión del título de Licenciado o Graduado en Derecho o Relaciones Internacionales.
- Ter rematados os estudos para a obtención do título universitario con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2014.
- Posuír coñecementos de inglés o francés correspondentes ao nivel B2 do Marco Común de Referencia para Lenguas).

Lugar

Na sede do Tribunal Constitucional.

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

O prazo de presentación das instancias será dun mes dende o día seguinte á publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Proceso de selección

Consta dunha fase de valoración dos méritos dos candidatos e unha segunda fase de entrevista persoal.

Para máis información, accede ao seguinte enlace.

Duración e contía

A duración máxima prevista é de 12 meses, con posibilidade de prórroga de ata un máximo de 6 meses, se fose conveniente para o programa de formación.

A contía mensual prevista é de 1.150 euros mensuais brutos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Instituto Nacional de Estatística (INE), convoca 15 bolsas coa finalidade de fomentar e promover a investigación estatística, así como o desenvolvemento e implantación de procesos estatísticos, mediante a formación de posgraduados.

INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA. BOLSAS PARA FORMACIÓN DE POSGRAO EN ESTATÍSTICA

Requisitos

- Ter a nacionalidade española, ou dun Estado membro da UE e ser residente en España no momento de iniciar o desfrute da bolsa.
- Estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou de grao, obtido durante os últimos tres anos anteriores a data da publicación.
- Non ser beneficiario con anterioridade dunha bolsa concedida polo INE para o mesmo fin.
- Estar ao día de acordo coas obligación tributarias e coa Seguridade Social ns termos previstos na normativa vixente.
- Non incurrir en prohibicións de acordo ao artigo 13.2 da Ley 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Lugar

Nos Servizos Centrais do INE en Madrid.

Prazos de solicitude

A convocatoria publícase durante o segundo semestre do ano.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación no BOE.

Proceso de selección

Teranse en conta os coñecementos de idiomas (inglés, francés ou alemán) e de informática, así como a formación ou experiencia profesional en actividades estatísticas.

Para máis información, consulta o seguinte enlace.

Duración e contía

O período de duración da bolsa é de 12 meses, prorrogables por períodos similares ata un máximo de 24 meses.

A remuneración mensual da bolsa ascende a 898,43€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX) ofrece unha sólida formación teórica en comercio internacional e unha formación práctica especializada.

INSTITUTO ESPAÑOL DE COMERCIO EXTERIOR (ICEX). BOLSAS DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

Requisitos

- Nacer a partir do 1 de xaneiro de 1990.
- Ser nacional dun dos Estados membros da UE.
- Estar en posesión da titulación universitaria superior específica segundo o tipo de bolsa que se convoque (Licenciatura, Grao, Enxeñería superior ou Aquitectura).
- Dominio da lingua española.
- Acreditar o coñecemento avanzado de inglés (mínimo esixido nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas).
- Non ter gozado de bolsas de similares características.
- Valórase positivamente coñecementos doutros idiomas, o CV, coñecementos de ofimática, exposición ó campo da Xestión e a Internacionalización e outros estudos de posgrao.

Lugar

Estudos de máster en Madrid.
No caso de ser seleccionada para a fase de prácticas, os destinos poden ser múltiples, dentro da Rede de Oficinas Económicas e Comerciais no Exterior. Existe, ademais, unha segunda fase en empresas e Organismos Internacionais.

Prazos de solicitude

Entre 1 e o 7 de maio de dous anos antes do período de desenvolvemento da bolsa.
Será necesario abonar a cantidade de 60 euros en concepto de dereitos de inscrición e xestión.

Proceso de selección

Para cada convocatoria un tribunal determina os procedementos e probas pertinentes. Ademais de test psicotécnicos e a realización dunha entrevista (na que tamén se valorará nivel de inglés), debe cursarse un Máster Universitario en Xestión Internacional da Empresa, impartido pola Fundación Centro de Estudios Económicos y Comerciales.

Para máis información: icex.es

Duración e contía

A remuneración anual oscila entre 21.000€ e 48.000€, segundo o destino, máis gastos de viaxe. A duración estará determinada polo tipo de bolsa.

O programa constará de dous fases: unha primeira fase de prácticas desevolvida entre xaneiro e decembro do 2020 e unha segunda desenvolvida a partir de xaneiro de 2021, cun ano de duración, consistente en prácticas en empresas, entidades ou organismos internacionais.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Banco de España está interesado en contratar en prácticas a seis titulados para colaborar nos traballos de análise e investigación que se realizan no banco, como axudantes de investigación.

BANCO DE ESPAÑA. PRÁCTICAS PROFESIONALES

Requisitos

- Ser licenciados ou graduados universitarios en Economía, Administración e Dirección de Empresas ou outra carreira similar a xuízo do Banco de España ou, tendo finalizada outra carreira, posuír estudos de posgrao / máster en temas económicos.
- Estar en situación legal para traballar en España.
- Excelente expediente académico universitario.
- Idioma inglés: nivel avanzado.
- Pasar unha entrevista técnica e outra baseada nas distintas competencias do candidato.

Lugar

Na Dirección Xeral do Servizo de Estudos e Dirección Xeral Adxunta de Asuntos Internacionais.

Prazos de solicitude

Durante o primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Máis información en: bde.es

Duración e contía

A duración do contrato laboral en prácticas é por un período dun ano, prorrogable até un máximo de dous e sometido a período de proba. A xornada de traballo, de maña e de tarde, terá unha duración de 35 horas semanais. Durante o primeiro ano, o 75% do salario establecido para o nivel 14 do Grupo directivo e, no seu caso, o 100% o segundo ano.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

Formación de posgraduados nos métodos e técnicas utilizados na investigación social aplicada a través da participación nas tarefas de investigación e actividades formativas do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS).

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS SOCIOLÓXICAS. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Ter nacionalidade española ou ser residente en España.
- Título de graduado ou licenciado, ou título estranxeiro homologado, obtido dentro dos 4 anos anteriores á data de publicación da convocatoria.
- Media de 1,8 sobre 4.
- Non poderán solicitar a bolsas quen, con anterioridade a esta convocatoria, foran adxudicatarios doutra bolsa de formación para posgraduados no CIS.

Lugar

No Centro de Investigacións Sociolóxicas (Madrid).

Prazos de solicitude

O prazo é de quince días hábiles dende a publicación da convocatoria no BOE, que está prevista para os meses de setembro-novembro do ano precedente.

Proceso de selección

Publicarase na páxina web do Centro de Investigacións Sociolóxicas a lista cos nomes e apelidos dos beneficiarios e suplentes seleccionados.

Para máis información sobre a ponderación de méritos, accede ao seguinte enlace: cis.es

Duración e contía

A cuantía de cada beca non superará o importe de trece mil euros (13.000,00 euros).

As bolsas serán de carácter anual e incompatibles con calquera outra bolsa ou subvención pública simultáneas de similares características.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Senado convoca bolsas de formación en comunicación institucional, interna e externa, dirixidas a mozos titulados que desexen especializarse nestes eidos.

SENADO. BOLSAS DE FORMACIÓN EN COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

Requisitos

- Posuír a titulación oficial universitaria de Licenciatura ou Grao en Xornalismo.
- Nacer con posterioridade ao 1 de xaneiro do 1991.
- Non ter gozado en anos anteriores da mesma bolsa do Senado excepto os substitutos que houberan accedido a mesma dentro do último trimestre do ano anterior.

Lugar

Sede do Senado (Madrid).

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

Proceso de selección

O proceso de selección será dirixido pola mesa do Senado.

Consulta as convocatorias abertas no seguinte enlace.

Duración e contía

A duración máxima é dun ano improrrogable.

A contía mensual é de 900€ brutos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Museo Nacional do Prado, en colaboración coa Fundación Iberdrola, convoca bolsas para a formación de titulados como especialistas e fomentar a investigación na Área de Restauración.

MUSEO NACIONAL DO PRADO. BOLSAS DE INVESTIGACIÓN EN RESTAURACIÓN

Requisitos

- Diplomados en Restauración, especialidade de Escultura, ou licenciado ou graduado en Belas Artes, especialidade de Pintura, cunha calificación non inferior a un notable.
- Ter formación específica no campo da especialidade solicitada. Durante os procesos de selección, terase conta dos coñecementos sobre técnicas artísticas, materiais e procedementos pictóricos en restauración de pintura, colecciónns do Museo Nacional do Prado, conservación preventiva, lexislación de patrimonio histórico, museoloxía e xestión cultural, e coñecemento solvente en lingua inglesa.
- No caso da convocatoria do ano 2016, rematar os estudos conducentes á obtención do título universitario esixido, a partir do curso 2009-2010.
- Ter a nacionalidade española ou dalgún outro Estado membro da UE ou do Espacio Económico Europeo, podendo demostrar o dominio da lingua española.

Lugar

No Museo Nacional do Prado (Madrid).

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Para máis información: museodelprado.es

Duración e contía

A duración é de 10 meses, prorrogable por outros 10 meses.

A contía total de cada bolsa é de 15.000€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía convoca bolsas de investigación, coordinación e formación en materias e actividades competencia do museo.

MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE REINA SOFÍA. BOLSAS DE FORMACIÓN.

Requisitos

- Estar en posesión do título académico correspondente en función da categoría de bolsa: Titulación de posgrao con especialización en Historia da Arte, Licenciatura en Xeografía e Historia, Historia da Arte, Humanidades, Comunicación Audiovisual e Biblioteconomía e Documentación.
- Non se poderán presentar os beneficiarios de bolsas do Museo nas tres convocatorias anteriores.
- Reunir os requisitos especificados no anexo I para cada clase de bolsas.

Lugar

Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (Madrid).

Prazos de solicitude

Nos seguintes 15 días hábiles da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, dende as 0:00 ás 15:00 horas do último día do prazo.

Proceso de selección

O presentación das solicitudes realizarase nos 15 días naturais seguintes a publicación do BOE.

Para máis información: museoreinasofia.es

Duración e contía

A duración é de doce meses.

A contía anual para o ano 2018 variará entre os 12.000 e os 24.000€ brutos en función da bolsa.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte convoca bolsas destinadas a promover a investigación e a innovación educativa e a ampliar os coñecementos en: investigación educativa; biblioteconomía, documentación e arquivística; tecnoloxías da información e a comunicación; observación e deseño de cualificacións profesionais; xestión administrativa; estatística e avaliación educativa; xornalismo e comunicación; deseño gráfico; réxime xurídico; e tradución e interpretación.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL. BOLSAS DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN DOS SISTEMAS EDUCATIVOS

Requisitos

- Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, con perfecto dominio da lingua española e residencia en España no momento da súa incorporación.
- No caso da convocatoria para o curso 2017-2018, estar en posesión da titulación requirida para cada tipo de bolsa e obtela con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2012.
- Reunir o resto de requisitos académicos e económicos que especifica a convocatoria.

Lugar

Nas Direccións Xerais competentes.

Prazos de solicitude

Nos seguintes 15 días hábiles da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, dende as 0:00 ás 15:00 horas do último día do prazo.

A data de publicación no BOE tende a darse entre os meses de maio e xuño.

Proceso de selección

A solicitude deberá cumprimentarse e conformarse mediante o formulario de inscrición, dispoñible por vía telemática a través da Sede Electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Así mesmo, realizarase unha proba de idioma cando se solicite algunha modalidade de bolsa que implique ou poida implicar coñecemento dun idioma.

Consulta a última convocatoria aquí.

Duración e contía

A duración é de 12 meses.

A dotación íntegra anual máxima de cada bolsa de formación será de 12.324€, e distribuirase en 1.027€ mensuais, entre o 1 de setembro de 2017 e o 31 de agosto de 2018.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

Convocatoria de bolsas para formación nos eidos da astronomía, a xeodesia, a xeofísica, a cartografía e a xeomática.

INSTITUTO XEOGRÁFICO NACIONAL (IXN).BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Ter a nacionalidade dun Estado membro da UE ou do Espazo Económico Europeo.
- Estar en posesión do título de grao, licenciatura, enxeñaría ou arquitecto.
- Ter finalizado os estudos e estar en condicións de obter o correspondente título nos 4 anos inmediatamente anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade formativa que constitua o obxecto da beca.
- Non incurrir en ningún dos supostos do artigo 13.2 da Ley 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non ter disfrutado anteriormente dunha bolsa de INTRA ni ter relaciós laborais ou administrativas previas con Instituto.

Lugar

Nos centros de formación: sede central do IXN, Real Observatorio Astronómico de Madrid e observatorio de Yebes (Guadalajara).

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Unha Comisión de valoración será a encargada de comunicar o resultado ao director do IXN.

Para máis información: ign.es

Duración e contía

A duración é de 12 meses prorrogables por períodos de 12 meses ata un máximo de 36 meses.

A contía mensual é de 1.100€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A deputación de Pontevedra puxo en marcha o plan "O teu primeiro emprego" para facilitar que as persoas tituladas universitarias e de ciclos superiores poidan acceder a un primeiro emprego adecuado ao seu nivel de estudos, adquirindo experiencia profesional e facilitando a súa inserción no mercado laboral.
A deputación conta coa colaboración de concellos, empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais para a realización deste programa.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. CONVOCATORIA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO"

Requisitos

- Estar en posesión de título universitario ou de formación profesional de grao superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
- Que no momento da contratación non transcorreran mais de cinco anos, ou de sete cando o contrato se celebre cunha persoa con discapacidade, dende a terminación dos correspondentes estudos.
- Non ter experiencia laboral previa na titulación obxecto do contrato (nos grupos de cotización 1 ou 2 para titulacións universitarias e grupos 3 ou 5 para ciclos superiores) ou non haber estado dado de alta como persoa autónoma en actividades relacionadas coa titulación, por tempo superior a 6 meses ou 182 días.
- Non haber estado contratado en prácticas por tempo superior a 6 meses nin estar contratado en prácticas no momento da selección, nalgún dos programas de “O Teu Primeiro Emprego”.

Lugar

Concellos, empresas e organizacións non gubernamentais da provincia de Pontevedra.

Prazos de solicitude

A publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra realízase nos meses de maio a xuño.

Proceso de selección

O proceso de selección e a valoración de méritos detállase en cada unha das convocatorias, variando en función do destino das prácticas (se é concellos, empresas...).

Consulta toda a información no seguinte enlace: depo.gal

Duración e contía

A duración non poderá ser inferior a seis meses nin superior aos dous anos.

A contía máxima para titulados/as universitarios/as é de 1.000/mes e para titulados/as de ciclos superiores de 950€/mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A Deputación de Pontevedra ten previsto poñer en marcha un Plan de práctica laboral nos concellos da provincia, dirixido a titulados universitarios e de formación profesional sen experiencia laboral previa no ámbito da súa formación, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en áreas que poidan facilitar a súa futura incorporación ó mercado de traballo.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA BOLSAS PARA PRACTICAS LABORAIS EN CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Requisitos

- Ter a nacionalidade española ou dun dos países da Unión Europea.
- Estar en posesión do título esixido para cada unha das bolsas convocadas na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- Ter finalizados os estudos obxecto da bolsa con posterioridade ó 1 de xaneiro do 2007.
- Non ser beneficiario na actualidade, nin beneficiarse con anterioridade, dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia.
- Non beneficiarse anteriormente dunha bolsa remunerada de duración superior a seis meses nos extinguidos organismos autónomos.
- Estar empadroado en calquera termo municipal da provincia de Pontevedra desde antes do 1 de xaneiro de 2015.
- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante ou en mellora de emprego.
- Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga IV, nas bolsas de titulados universitarios, e nivel Celga III nas bolsas destinadas a ciclos superiores de formación profesional.

Lugar

Concellos da provincia de Pontevedra.

Prazos de solicitude

Primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira,de acordo aos méritos valorados conforme aos seguintes criterios e ata un máximo de 10 puntos: posuír unha titulación universitaria ou de formación profesional distinta e de nivel igual ou superior á esixida), a segunda, de tipo test e de carácter obligatorio e non eliminatorio.en contestar por escrito un test de 20 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal, sobre temas relacionados co ámbito administrativo.

Para máis información:
depo.es

Duración e contía

As bolsas terán unha duración de 6 meses e poderán ser prorrogadas por outros 6 meses por acordo da Xunta de Goberno.

A dotación económica das bolsas, determinada polo nivel de titulación, será de 800,00 € ó mes para titulados universitarios e de 700,00 € ó mes para ciclos superiores de formación profesional.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A Deputación de Pontevedra convoca estas bolsas, destinadas a titulados universitarios ou de formación profesional sen experiencia laboral previa no ámbito da súa titulación, co obxectivo de completar a súa formación para facilitar a súa incorporación ó mercado laboral.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. BOLSAS PARA PRACTICAS LABORAIS EN EMPRESAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Requisitos

- Ter a nacionalidade española ou dun dos países da Unión Europea.
- Estar en posesión do título esixido para cada unha das bolsas convocadas na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- Ter finalizados os estudos obxecto da bolsa con posterioridade ó 1 de xaneiro do 2007.
- Non ser beneficiario na actualidade, nin beneficiarse con anterioridade, dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia.
- Non beneficiarse anteriormente dunha bolsa remunerada de duración superior a seis meses nos extinguidos organismos autónomos.
- Estar empadroado en calquera termo municipal da provincia de Pontevedra desde antes do 1 de xaneiro de 2015.
- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante ou en mellora de emprego.
- Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga IV, nas bolsas de titulados universitarios, e nivel Celga III nas bolsas destinadas a ciclos superiores de formación profesional.

Lugar

Empresas da provincia de Pontevedra.

Prazos de solicitude

Segundo trimestre do ano.

Proceso de selección

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, de concurso e valoración da documentación presentada polos aspirantes admitidos (expediente académico, cursos universitarios de doutoramento ou máster, posuír unha titulación universitaria ou de formación profesional distinta e de nivel igual ou superior á esixida), a segunda, de entrevista persoal cos candidatos que superen o corte establecido na primeira fase.

Para máis información:
depo.es

Duración e contía

As bolsas terán unha duración de 6 meses e poderán ser prorrogadas por outros 6 meses por acordo da Xunta de Goberno.

A dotación económica das bolsas, determinada polo nivel de titulación, será de 800,00 € ó mes para titulados universitarios e de 700,00 € ó mes para ciclos superiores de formación profesional.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

Bolsas para a realización de tarefas relacionadas coa arquivística, inventariado e catalogación, especialmente de arquivos gráficos, fotografía, gravado-estampado e tarxeta postal.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. BOLSAS PARA LICENCIADOS EN HISTORIA, CON DESTINO NO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO

Requisitos

- Estar en posesión do título de licenciatura ou grao en Historia ou en Información e Documentación, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Estar en posesión da titulación académica correspondeente aos estudos obxecto da bolsa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2009.
- Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da UE.
- Acreeditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga 4
- Non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa.
- Non ter sido beneficiario/a de bolsa na Deputación Provincial de Pontevedra.
- Dispoñes do carné de conducir B en vigor.

Lugar

Deputación de Pontevedra.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

Proceso de selección

Valóranse: Currículo Vitae da persoa solicitante, expediente académico, actividades relacionadas.

Para máis información:
depo.gal

Duración e contía

A dotación económica das bolsas será de 840€ ao mes por persoa beneficiaria.

A duración será de 6 meses prorrogables a 12.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

Bolsas de colaboración para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo municipais da provincia de Pontevedra.

OFICINAS DE TURISMO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Ser nacional dun Estado membro da UE.
- Posuír o título de grao ou diplomatura en Turismo, de técnico superior en Guía, técnico superior en Información e Asistencias Turísticas ou de técnico superior en Información e Comercialización Turísticas, na data en que remate o prazo de presentación de instancias. A titulación deberá ser obtida con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2009.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga 4.

Lugar

Oficinas de Turismo da provincia de Pontevedra.

Prazos de solicitude

Ao longo do ano en función da necesidade das Oficinas de Turismo.

Proceso de selección

Para máis información:
depo.es

Duración e contía

As bolsas terán unha duración de tres ou seis meses, contando cunha dotación económica de 840 € ao mes para as e os graduados e diplomados, de 740 € ao mes para as e os técnicos superiores, e de 640 € ao mes para quen acceda á bolsa co Certificado de Profesionalidade.
Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, independentemente da súa natureza, excepto as asistencias e indemnizacións por razón do servizo, que deberá sufragar a entidade correspondente.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A Dirección xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia convoca catro bolsas de formación para a realización de actividades dentro das súas competencias, integrando no plan formativo aspectos relativos á actividade comercial, o estudo e análise da pequena e mediana empresa comercial, o sector da distribución e as estruturas comerciais, así como a artesanía.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Presentar a solicitude segundo o anexo á convocatoria.
- Ter nacionalidade española ou doutro Estado membro da UE e estar domiciliado en Galicia.
- Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.
- Estar en posesión dun título universitario de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, e ter rematados os estudos conducentes no ano 2009 ou posterior.
- Declaración de non percibir outras subvencións, bolsas, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria das persoas interesadas.

Lugar

Na Dirección xeral de Comercio e Consumo da Consellería.

Prazos de solicitude

Convócanse xeralmente no segundo trimestre do ano (DOG).

Proceso de selección

Unha comisión avaliadora examinará tódalas solicitudes presentadas e os méritos acreditados.

Para máis información: ceei.xunta.gal

Duración e contía

Cada bolsa estará dotada con 10.800€ brutos, distribuídos en pagamentos mensuais, a razón de 900€ por mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A Consellería de Política Social convoca, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, estas axudas para a realización de prácticas formativas non remuneradas en empresas de Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Noruega, P. Baixos, Polonia, Portugal, Azores, Madeira, R. Checa, R. Unido, Romanía, Suecia e Turquía.
As bolsas teñen como finalidade apoiar a formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade, de xeito que poidan constatar unha práctica formativa no estranxeiro como parte do currículo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL. PROGRAMA GALEUROPA. PRÁCTICAS FORMATIVAS

Requisitos

- Estar inscritos/as no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter entre 16 e 30 anos. O requisito de idade debe cumprirse no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do SNGX.
- Ademais dos requisitos anteriores, en coherencia coa citada Lei 18/2014 deberán cumprir:
  - Non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
  - Non ter recibido accións educativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
  - Non ter recibido accións formativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

Lugar

No país da Unión Europea seleccionado poloa persoa solicitante.

Prazos de solicitude

Os prazos de solicitude serán os que estableza cada convocatoria, normalmente a partir do día seguinte á publicación da resolución de beneficiario/as na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Proceso de selección

Para máis información:
xuventude.xunta.es

Duración e contía

A estadía será dun mínimo de 2 meses e máximo 3 meses consecutivos.

A contía da axuda variará en función do país no que se realicen as prácticas, tendo dereito a solicitar un anticipo do 80% da axuda. Establécese, ademais, unha axuda para o apoio lingüístico.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

Convocatoria de axudas para a realización de prácticas en centros de traballo (FCT) por parte de estudantes de ciclos medios ou superiores en España ou en países da UE.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE. BOLSAS DE PRÁCTICAS EN CENTROS DE TRABALLO (FCT)

Requisitos

- Estar matriculado no último curso dun ciclo formativo de grao medio ou superior de formación profesional inicial, artes plásticas e deseño, ensinanzas deportivas, programas formativos e programas de cualificación profesional inicial.
- O alumnado debe rematar o período de formación práctica en centros de traballo antes do 31 de decembro de ese ano.
- Non incorrer en ningunha causa de exclusión.
- Estar ao corrente das contribucións tributarias e a Seguridade Social.

Lugar

En centros de traballo nacionais ou internacionais.

Prazos de solicitude

Hai dous prazos de solicitude:

1. Un primeiro desde a publicación no DOG, que tende a ser no mes de xuño.
2. Un segundo período no mes de outubro.

Proceso de selección

Máis información sobre a convocatoria en: xunta.gal

No seguinte enlace podedes consultar o anuncio da convocatoria do 2020: edu.xunta.gal

Duración e contía

A duración máxima é o período de prácticas contemplado no plan de estudos.

Para aqueles que realizan as súas prácticas en Galicia a contía máxima é de 186€. Quenes as realicen fóra da Comunidade Autónoma pero dentro do territorio español percibirán uunha cantidade fixa de 200€. Para os destinos no estranxeiro, a contía base sitúase entre os 120-240 euros mensuais e as semanais entre os 72 e os 150 euros, segundo o país de destino.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia convoca bolsas de formación nos proxectos concretos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro, orientados á investigación en Humanidades.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE. BOLSAS DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

Requisitos

- Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- Estar en posesión do título de licenciado/a ou de grao esixido no proxecto para o que presenten a solicitude, e ter rematado no curso académico 2008-2009 ou posterior.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, excepto para aqueles que poidan acreditar a posesión do título de licenciado/a en Filoloxía Galega ou grados equivalentes.
- Non resultar beneficiario en concursos anteriores ou contratos no centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Posuír unha nota media no seu expediene académico igual ou superior a 7 puntos.

Lugar

No centro Ramón Piñeiro (Santiago de Compostela).

Prazos de solicitude

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, que se contará a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Para estes efectos, entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o de publicación no Diario Oficial de Galicia e, se fose festivo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Proceso de selección

Para máis información:
cirp.es

Duración e contía

A duración é de 2 anos.

A contía mensual é de 990€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) convoca bolsas formativas en proxectos de mellora competitiva. Os seleccionados recibirán formación especializada en internacionalización, cooperación empresarial e competitividade, incrementando así as súas posibilidades de inserción laboral futura. Os bolseiros poderán prestar servizos en varias pemes ou entidades diferentes, titulizados por expertos.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE). BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea e estar empadroado/a nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para ser considerado/a beneficiario/a de subvencións.
- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións universitarias: Física, Enxeñería, Matemáticas, Química, Administración e Dirección de Empresas, Economía, Dereito, Bioloxía/Biotecnoloxía e Farmacia.
- Non haber disfrutado con anterioridade de ningunha outra beca do Igape.
- Ter nado despois do 31.12.1983.

Lugar

As bolsas gozaranse en destinos escollidos polo Igape, baixo a supervisión de axentes colaboradores/as concertados/ as que participen na prestación ás pemes de servizos de mellora da competitividade.

Prazos de solicitude

No primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Unha comisión avaliadora examinará todas as solicitudes presentadas e os méritos acreditados.

Para máis información:
igape.es

Duración e contía

A duración inicial da bolsa establécese nun máximo de doce (12) meses, contados desde a asignación do/da bolseiro/á o seu destino, podendo ser prorrogada polo Igape por un período máximo de ata catro meses adicionais.

A contía das bolsas é de 10.800 euros anuais. En caso de prórroga da bolsa, a dotación incrementarase proporcionalmente segundo a duración da prórroga. Considéranse incluídos dentro da dotación da bolsa a seguridade social, no seu caso, os impostos de carácter persoal, así como todos os gastos en que teña que incorrer o/a bolseiro/a para o desenvolvemento das fases teóricas ou prácticas da bolsa.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A Consellería do Medio Rural convoca bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, bolsas de prácticas para os recentemente titulados en especialidades agrarias, forestais, veterinaria, tecnoloxía dos alimentos e bioloxía e bolsas de prácticas para alumnos e recentemente titulados de formación profesional da familia agraria.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

Ser estudante ou recentemente titulado nas especialidades seguintes:

- 16 bolsas de formación de tecnólogos: licenciados en enoloxía (2), ciencias químicas (2), ciencia e tecnoloxía dos alimentos (2), bioloxía (2), enxeñeiros agrónomos (2), enxeñeiros técnicos agrícolas (2), enxeñeiros de montes (2), enxeñeiros técnicos forestais (2).
- 14 bolsas de formación de persoal de apoio á investigación: ciclo superior en industria alimentaria (2), ciclo medio en elaboración de viño e outras bebidas (3), ciclos formativos de grao medio ou superior da familia agraria (2), ciclos formativos de grao medio ou superior da familia química (7).
- 16 bolsas de prácticas para estudantes de 1º curso (7) e 2º curso ou recentemente titulados (9) en ciclos da familia agraria, nos centros de formación e experimentación agroforestal dependentes da Secretaria Xeral de Medio Rural e Montes.
- 24 bolsas de prácticas en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario, así como en unidades dependentes da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes: recentemente titulados como enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, enxeñeiros de montes, enxeñeiros técnicos forestais, licenciados en veterinaria, en ciencia e tecnoloxía dos alimentos e en bioloxía.

Lugar

En unidades dependentes da Consellería do Medio Rural e en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e climático.

Prazos de solicitude

No segundo trimestre do ano.

Proceso de selección

As solicitudes presentaranse no prazo dun mes dende a publicación da convocatoria no DOG.

Para máis información: http://ww.medioruralemar.xunta.es

Duración e contía

A duración e contía depende do eido de formación.

- Bolsas de formación tecnólogos: 4 meses, 1.000€/mes.
- Bolsas de formación de persoal de apoio á investigación: 4 meses e 800€/mes.
- Bolsas de prácticas para estudantes de 1º curso (7) e 2º curso ou recentemente titulados (9) en ciclos da familia agraria, nos centros de formación e experimentación agroforestal dependentes da Secretaria Xeral de Medio Rural e Montes:
- ○ Estudantes de 1º curso: 2 meses e 600€/mes.
  ○ Estudantes de 2º curso ou recentemente titulados: 3 meses e 800€/mes.
- Bolsas de prácticas en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario, así como en unidades dependentes da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes: 3 meses e 1.000€/mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A Mesa do Parlamento de Galicia convoca unha serie de bolsas co obxecto de realizar unha formación práctica nas materias de arquivo, biblioteca e documentación; comunicación institucional, publicacións, recursos técnicos e contratación e xestión parlamentaria, e tamén unha bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual.

PARLAMENTO DE GALICIA. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Ser español ou nacional dun Estado membro da UE ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.
- Posuír as titulacións universitarias que seguen obtidas no ano académico 2011-2012 ou en anos posteriores: grao ou licenciatura en documentación, grao en informción e documentació ou diplomatura en biblioteconomía e documentación; grao ou licenciatura en xornalismo, publicidade e relacións públicas ou comunicación audiovisual; grao en licenciatura en filoloxía galega; grao en arquitectura ou arquitectura técnica, en enxeñería de tecnoloxía industrial ou enxeñería en organización industrial; licenciatura ou grao en dereito, en ciencias políticas e da administración ou grao en dirección e xestión pública. ciencias da comunicación ou en ciencias sociais e da comunicación, licenciatura en filoloxía galega ou tradución e interpretación no caso de ter escollida como primeira lingua o galego, grao, licenciatura ou diplomatura en informática.
- Acreditar un coñecemento da lingua galega en nivel de perfeccionamento ou Celga 4.
- Non resultar beneficiario en convocatorias anteriores do Parlamento de Galicia.

Lugar

Na sede do Parlamento de Galicia.

Prazos de solicitude

No primeiro trimestre do ano.

O período de solicitudes pode verse afectado pola paralización dos procedementos administrativos no 2020.

Proceso de selección

A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados.

Para máis información: parlamentodegalicia.es

Duración e contía

A duración é de 12 meses.

A contía total de cada bolsa será de 12.000 euros (doce mil euros) brutos, que se percibirán unha vez finalizado cada mes, a razón de 1.000 euros (mil euros), e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) convoca bolsas de formación en promoción exterior coa finalidade de formar a especialistas no ámbito da captación internacional de investimentos, a expansión exterior da empresa galega, a detección de potenciais investidores estranxeiros cara a Galicia, a busca de oportunidades de negocio e a investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE). BOLSAS DE PROMOCIÓN EXTERIOR

Requisitos

- Posuír a nacionalidade española e ter nacido en Galicia; ser nacional dun Estado membro da Unión Europea e nacido en Galicia ou estar empadroado nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia con dous anos de antigüidade á data de publicación destas bases.
- Ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1983.
- Estar en posesión dunha das seguintes titulacións: Universitarias (licenciatura, diplomatura, enxeñaría ou grao): Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Transporte e Loxística, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias Empresariais, Ciencias Políticas, Comercio, Comercio Exterior, Dereito, Dirección e Creación de Empresa, Dirección de Empresas-BBA, Dirección Financeira e Contabilidade, Economía, Enxeñaría, Estatística e Empresa, Márketing e Dirección Comercial, Marketing e Investigación de Mercados, Relacións Internacionais, ou outras con distinta denominación pero de contidos similares ás citadas. Formación profesional: técnico superior en Comercio Internacional. Outras titulacións universitarias non preferentes (licenciatura, diplomatura ou grao) doutras temáticas coa condición de que se dispoña ademais de título de máster en Comercio Internacional.
- Coñecemento de inglés falado é escrito (mínimo B1).
- Estar dado de alta como demandante de emprego no servizo público de emprego de Galicia.
- Non ter gozado con anterioridade dunha bolsa do Igape relacionada coa internacionalización empresarial.

Lugar

Nas oficinas da Xunta de Galicia no exterior, no Igape ou noutros destinos concertados polo instituto en entidades públicas ou privadas.

Prazos de solicitude

No segundo trimestre do ano. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).As solicitudes presentaranse segundo o modelo oficial e xunto a documentación requirida no Igape ou en calquera das súas oficinas autorizadas. A documentación redactada nunha lingua non oficial en Galicia deberá presentarse acompañada da tradución correspondente realizada por un intérprete xurado.

En 2020 o prazo finalizou o 5 de maio.

Proceso de selección

Todos os aspirantes que presenten a súa solicitude dentro de prazo, serán convocados a unha proba eliminatoria de inglés e dos idiomas adicionais indicados na solicitude, que constarán dunha parte escrita e outra oral, na data, hora e lugar de realización que se comunicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Igape.
De entre os candidatos admitidos, os cen que tiveran obtido mellor puntuación global serán convocados a unha entrevista persoal.

Para máis información:
igape.es

Duración e contía

A duración inicial da bolsa establécese nun máximo de doce meses contados desde a data de comezo que para tal efecto fixe a resolución de concesión. E poderán ser prorrogadas polo Igape por un máximo de ata doce meses adicionais en función da necesidade de finalizar ou completar unha parte da formación que xa tivese comezado ou estivese a piques de comezar.

O importe máximo de subvención por bolseiro é de 42.000 € por un período de 12 meses ou a súa parte proporcional en función do período da bolsa. As dotacións variarán segundo o destino e o número de meses de estancia en Galicia e no estranxeiro. Desta subvención detraeranse a correspondente retención fiscal e a cota por cotización á Seguridade Social aplicables segundo a lexislación vixente.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.6. Organismos privados

O programa IAESTE (The International Association for the Exchange of Students for Technical Experience) ofrece e tramita prácticas de carácter internacional a estudantes de especialidades técnicas, ou a empresas nacionais que accedan a acoller futuros profesionais estranxeiros.
A característica principal do programa de intercambio profesional IAESTE é a enorme versatilidade das ofertas coas que traballa. Os parámetros que definen a oferta son flexibles e decídeos o empresario en función das súas necesidades. Así mesmo, os estudantes acceden a un amplo abano de propostas profesionais acordes ás súas motivacións, currículo e axenda académica. Conta con delegacións en Madrid, Cataluña, Andalucía, Valencia, Euskadi e Zaragoza e outros centros non adscritos a delegación.

IAESTE (THE INTERNATIONAL ASSOCIATION FOR THE EXCHANGE OF STUDENTS FOR TECHNICAL EXPERIENCE). PRÁCTICAS PARA ESTUDANTES

Requisitos

- Ser estudante dalgunha carreira técnica ou experimental e estar matriculado en facultades onde teñan o programa IAESTE.
- Os requisitos académicos, profesionais e de idiomas, varían en función de cada oferta e das necesidades da institución ofertante.
- Necesidade de ter superado un 50% dos créditos universitarios.

Lugar

O IAESTE está presente en 80 países, podendo realizar as prácticas en cada un deles.

Prazos de solicitude

IAESTEEspaña ten como data límite para a recepción de ofertas de prácticas en entidades españolas ata o mes de decembro.

Proceso de selección

O proceso comeza no mes de outubro, cando se envía a todos os Centros Universitarios a información que deben ofrecer ós estudantes. Para organizar as visitas ás entidades, cada estudante español intégrase nun grupo de traballo dentro do seu Centro, onde se lle aconsella e dota de materiais –cartas de presentación,documentos de apoio, tarxetas de visita, etc. O estudante presenta o programa á entidade; si esta amosa interese, IAESTE ofrécelle finalmente unha Oferta de Colaboración UniversidadEmpresa para un estudante estranxeiro, sempre en termos que as entidades atopen atractivos.

Máis información en: iaeste.es

Duración e contía

As prácticas realizaranse usualmente entre xullo e setembro, pero tamén noutros períodos e distinta duración.

As prácticas son remuneradas, asegurándose uns ingresos mínimos que permitan ó estudante facer fronte ó custo de vida do país de destino. O aloxamento e a recepción corren a cargo da Asociación.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.6. Organismos privados

Estas bolsas ofrecen ós estudantes universitarios e recén titulados (Universitarios, Ciclos Formativos de Grao Superior Ciclos Formativos de Grao Medio) a posibilidade de realizar prácticas formativas remuneradas en empresas españolas, facilitando así a súa incorporación ó mercado de traballo.

FUNDACIÓN EMPRESA UNIVERSIDADE DE ZARAGOZA. BOLSAS DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Ser estudante universitario con máis da metade da carreira superada ou ser Titulado Universitario, Técnico Superior (Ciclos Formativos de Grao Superior) ou Técnico (Ciclos Formativos de Grao Medio), cunha antigüidade máxima de 18 meses.
- Non estar realizando ningún traballo remunerado, non estar percibindo o seguro de desemprego, non estar desfrutando de ningunha bolsa de calquera tipo e non realizar ningunha actividade profesional ou académica que impida a normal realización das prácticas formativas.
- Non ter desenvolto traballo profesional algún relacionado coa súa titulación despois de ter finalizado os seus estudos.
- Non ter realizado previamente unha práctica formativa a través de FEUZ, aínda que a duración da mesma fose por un período de tempo inferior ó máximo permitido de 10 meses.

Lugar

En empresas nacionais.

Prazos de solicitude

Sen prazo establecido.

Proceso de selección

Máis información en: feuz.es

Duración e contía

As bolsas terán unha duración de entre 3 e 10 meses (improrrogable).

As prácticas son remuneradas, estando obrigada a empresa a financialas

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.6. Organismos privados

As bolsas pretenden ofrecer ós estudantes de arquitectura ou mozos arquitectos a posibilidade de realizar prácticas profesionais en estudos europeos de arquitectura.

FUNDACIÓN CAIXA DE ARQUITECTOS BOLSAS ARQUIA

Requisitos

Para estudantes:
- Ter superado, nalgunha escola española de arquitectura, como mínimo o 60% dos créditos para obter o título de arquitecto.
- Estar matriculado nalgunha escola española de arquitectura no momento da convocatoria.

Para arquitectos:
- Obter o título de arquitecto nalgunha escola española de arquitectura despois do 30 de abril do ano da convocatoria.
- Non poderán optar á bolsa aqueles candidatos que gozaran dunha bolsa da Fundación Caixa de Arquitectos anteriormente.

Lugar

Estudos de arquitectura de España e da UE de recoñecido prestixio.

Prazos de solicitude

No primeiro cuatrimestre do ano seguinte ao da convocatoria.

Proceso de selección

Existen dúas modalidades asignadas: mediante expediente académico e concurso. Para asegurar a distribución xeográfica das bolsas, pondérase o número de inscricións válidas recibidas por centro e modalidade.
- **Expediente académico:** Os candidatos serán seleccionados en virtude do seu expediente académico. Este valorarase pola media das notas obtidas nas materias superadas da carreira, así como pola media das notas obtidas nas materias superadas de Proxectos (a tal efecto consideraranse todas as que dependan do Departamento de Proxectos Arquitectónicos). As notas medias serán calculadas polo solicitante segundo se especifica nas bases da convocatoria. A solicitude realizarase a través da súa web e non se admitirán documentos nin outro material distinto ao da inscrición.
- **Concurso:** Os estudantes serán seleccionados en virtude do material enviado a concurso sobre o tema proposto, que varía cada ano.

Máis información en: arquia.es

Duración e contía

Durante o período de prácticas, a Fundación Caixa de Arquitectos subvencionará ao bolseiro cunha dotación económica segundo o destino, ademais do custo da viaxe. Así mesmo, a Fundación proporcionará ao bolseiro cobertura nos termos da póliza de asistencia en viaxe.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.6. Organismos privados

Estas bolsas outórganse para a realización de prácticas profesionais con autónomos, en microempresas e en pequenas e medianas empresas (PEME).

BANCO SANTANDER UNIVERSIDADES. BOLSAS DE PRÁCTICAS EN EMPRESA CRUE-CEPYME

Requisitos

- Estar matriculado ou cursando estudos, en virtude de programas de mobilidade académica ou de convenios, nunha Universidade española ou centro adscrito ás mesmas participante no Programa.
- Estudantes de grao e máster (oficiais e propios).
- Ter superado créditos suficientes do correspondente título universitario, para, segundo criterio da propia Universidade ou centro adscrito á mesma, poder acceder a la realización de prácticas externas.
- Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable coa empresa, institución ou entidade algunha.
- Non ter resultado beneficiario de bolsa ou axuda económica ó amparo de anteriores convocatorias do Programa.

Lugar

En España en microempresas, en pequenas e medianas empresas (PEME), ou con autónomos.

Prazos de solicitude

Para estudantes ata o 12/02/2018 e para Pymes ata o 28/02/2018 de 2018.

Proceso de selección

Máis información en: becas-santander.com

Duración e contía

As bolsas terán unha duración mínima de tres meses, ampliable a seis, e a súa contía será de 300 euros/mes, cun totalde 900 Euros por tres meses.

A súa duración no curso 2017 foi desde o 15 de febreiro até o 30 de setembro.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.6. Organismos privados

Estas bolsas ofrecen ós estudantes universitarios e titulados a posibilidade de desfrutar de estancias en empresas (con sede en Galicia) de diferentes sectores.

FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA. BOLSAS DE PRÁCTICAS PARA ESTUDANTES E TITULADOS

Requisitos

- Ser estudante universitario con máis da metade da carreira superada ou ser Titulado Universitario con menos de 3 anos de antiguedade, dentro do Sistema Universitario de Galicia.
- Ser titulado de Formación Profesional.
- Carecer de experiencia.
- Actividades sempre supervisadas por un tutor.
- Menores de 31 anos.

Lugar

En empresas que estean dispostas a acoller bolseiros e firmen convenio.

Prazos de solicitude

Sen prazo establecido.

Proceso de selección

Máis información en: feuga.es

Duración e contía

No caso de estudantes con máis dun 50% de créditos, as bolsas terán unha duración de entre 2 e 12 meses e cunha remuneración mínima de 555 euros.

No caso de titulados, non hai unha duración determinada das prácticas formativas, a remuneración mínima será de 610 euros.

Para os titulados en FP, a bolsa é de 510 euros.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.6. Organismos privados

A Fundación Caixa de Aforros e Pensións de Barcelona e a Fundación EFE convocan un total de 15 bolsas destinadas a alumnos de último curso de grao ou licenciatura en Xornalismo e/ou Comunicación Audiovisual para realizar prácticas formativas na Axencia EFE.

FUNDACIÓN LA CAIXA – AXENCIA EFE. BOLSAS DE PRÁCTICAS DE XORNALISMO

Requisitos

- Ter a nacionalidade española.
- Estar matriculado en último curso de grao ou licenciatura en Xornalismo e/ou Comunicación Audiovisual cun mínimo de 30 créditos por cursar.
- Ter un bo expediente académico.
- Dominar o castelán e a lingua propia da comunidade autónoma.
- Bo nivel de inglés e, no seu caso, do idioma necesario para realizar as prácticas nas delegacións internacionais da Axencia EFE con títulos acreditativos.
- Non ser titutlar doutra beca ou axuda económica doutro organismo ; quedando exentas deste requisito as bolsas de colaboración e axudas que poida conceder o Ministerio a quen corresponda a concesión de bolsas, en relación ao pago das tasas de inscrición.

Lugar

Nas delegacións da Axencia EFE en España (Alacante, Barcelona, Bilbao, Málaga, Murcia, Pamplona, Santiago de Compostela, Sevilla, Tenerife, Valencia e Valladolid) e nas delegacións internacionais (Europa, países iberoamericanos, América do Norte, África e Asia).

Prazos de solicitude

Un mes a partir da publicación da convocatoria, que adoita ter lugar a mediados do ano.

No 2020, a convocatoria pechou o prazo en setembro.

Proceso de selección

O proceso de selección consta dunha proba escrita e unha entrevista persoal co comité de selección.

Para máis información: fundacionlacaixa.org

Duración e contía

A duración total é de 18 meses, desenvolvéndose en dous períodos:

- O primeiro, de nove meses, nas delegacións da Axencia EFE en España; e
  O segundo período, tamén de nove meses, nas delegacións internacionais da Axencia.

A bolsa comprende unha axuda de estudos (650€/mes os primeiros nove meses e 1.300 €/mes durante as prácticas internacionais), unha axuda para o desprazamento (500€ para os destinos europeos e 1.000 € para o resto), a matrícula no Máster de Periodismo Internacional da UNED e a Axencia EFE, e un seguro multiasistencia de viaxe.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

Este programa está dirixido a licenciados cun excelente expediente académico que queiran obter experiencia laboral antes de continuar estudando ou empezar a traballar.

FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (FMI). PROGRAMA DE ASISTENTES DE INVESTIGACIÓN (RAP)

Requisitos

- Estar licenciado ou ter unha mestría en Económicas, Informática, Matemáticas, Estatística ou Administración de Empresas.
- Ter un excelente expediente académico.
- Inglés fluído.
- Coñecementos informáticos.
- Dotes comunicativas e habilidades sociais.

Lugar

Sede do FMI en Washington (Estados Unidos).

Prazos de solicitude

A solicitude realízase *online* durante todo o ano.

Proceso de selección

Candidatura espontánea e selección segundo as necesidades da organización. Os preseleccionados deberán completar a candidatura con máis información e realizar unha entrevista.

Máis información en: imf.org

Duración e contía

A duración é de dous anos, mentres que o salario depende do destino e inclúe aloxamento e seguro médico.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

A súa finalidade é dar aos candidatos unha oportunidade para mellorar os seus coñecementos sobre as labores do PNUD e completar os estudos relacionados co desenvolvemento.

PROGRAMA DAS NACIÓNS UNIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO (PNUD)

Requisitos

- Estar matriculado nun segundo ou terceiro ciclo dun campo relacionado co desenvolvemento (economía, administración pública, administración de empresas ou medio ambiente).
- Só se escollerá a aqueles que despois retomen os seus estudos.
- Os candidatos deben ter demostrado interese no campo do desenvolvemento.
- Falar con soltura unha das linguas de traballo do PNUD (inglés, francés ou español) e valoraranse os coñecementos de árabe, portugués, ruso ou idiomas da Europa do Leste).
- Adaptarse a distintos lugares e aos desprazamentos.
- Ter interese por traballar con xente de diferentes linguas, nacionalidades e culturas.

Lugar

Sede en Nova York e outras oficinas.

Prazos de solicitude

3 meses antes do comezo desexado das prácticas.

Proceso de selección

Candidatura espontánea e selección en función das necesidades da sede.

Para máis información: undp.org

Duración e contía

A duración varía dependendo das necesidades académicas do estudante, cunha duración mínima de 6 semanas e unha duración máxima de 6 meses.

Non ofrecen remuneración.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

O programa de Mozos Profesionais está pensado para a mocidadealtamente cualificada en áreas relevantes para o Banco Mundial, tales como: economía, finanzas, educación, saúde pública, ciencias sociais, enxeñería, urbanismo e xestión dos recursos naturais.

BANCO MUNDIAL. PROGRAMA DE MOZOS PROFESIONAIS

Requisitos

- Ser cidadán dun estado membro do Banco Mundial.
- Ter menos de 32 anos.
- Posuír unha mestría ou equivalente cando se solicita a praza.
- Acreditar experiencia profesional mínima de 3 anos ou estudos de doutoramento.
- Dominio do inglés e valorarase o coñecemento doutras linguas adicionaisde traballo do WBG: Árabe, chinés, francés, portugués, ruso e español.
- Estar especializado nun campo relevante para o Banco Mundial.
- Compromiso e paixón polo desenvolvemento internacional.
- Ter un bo expediente académico.
- Posuír habilidades sociais para relacionarse nun entorno internacional.
- Capacidade de adaptación.
- Sensibilización coa pobreza.
- Dispoñibilidade para viaxes e traslados.

Lugar

Países onde o Banco Mundial desenvolve os seus proxectos e na súa sede en Washington (Estados Unidos).

Prazos de solicitude

A solicitude *online* comeza no mes de xuño e reábrese para perfís máis concretos en agosto.

Proceso de selección

Candidatura espontánea e selección segundo as necesidades da organización. Os preseleccionados deberán enviar máis información e realizar unha entrevista.

Máis información en: bancomundial.org

Duración e contía

24 meses antes de obter un posto fixo na organización.

O salario depende do destino e inclúe tanto aloxamento como seguro médico.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

O obxectivo é dar aos candidatos unha oportunidade para mellorar os seus coñecementos e obter a experiencia de traballar no ámbito internacional.

BANCO MUNDIAL. PROGRAMA DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Estar licenciado e matriculado nun programa de mestría ou terceiro ciclo.
- Terán preferencia os estudos de: economía, finanzas, desenvolvemento, ciencias sociais, agricultura, medio ambiente, desenvolvemento do sector privado e ámbitos relacionados.
- Nivel de inglés fluído e coñecemento doutras linguas como francés, español, ruso, árabe, portugués e chinés.

Lugar

Sede do BM (Washington, Estados Unidos).

Prazos de solicitude

A solicitude faise *en liña* segundo o período:
- De maio a setembro: candidaturas entre o 1 de decembro e o 31 de xaneiro.
- De novembro a marzo: candidaturas entre o 1 de setembro e o 31 de outubro.

Proceso de selección

Os departamentos do BM escollen os mellores perfís segundo as súas necesidades.

Máis información en: bancomundial.org

Duración e contía

A duración mínima é de 4 semanas.

O BM paga un salario e outorga unha axuda de viaxe.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

O Consello de Europa ofrece prácticas que poden solicitar os nacionais dos Estados membros do Consello de Europa, existindo dous períodos de prácticas cos seus prazos de inscrición correspondentes.

CONSELLO DE EUROPA

Requisitos

- Ser nacional dun dos estados membros do Consello de Europa.
- Ser titulado universitario.
- Ter un moi bo coñecemento dun dos dous idiomas oficiais (inglés ou francés) do Consello de Europa xunto cunha boa capacidade de redacción. Apréciase un bo coñecemento doutra lingua oficial.

Lugar

No Consello de Europa en Estrasburgo.

Prazos de solicitude

Hai dúas sesións de prácticas cada ano: do 4 de marzo marzo ao 31 de xullo (para o que o prazo de solicitude comeza en setembro e remata o 25 de outubro) e de setembro a xaneiro (para o que o prazo de solicitude será no mes de febreiro).

Proceso de selección

Máis información aquí.

Duración e contía

A duración das prácticas será de entre 8 semanas e 5 meses.

Non son remuneradas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

A Corte Penal Internacional ofrece a oportunidade de coñecer o seu funcionamento, obxectivos e desafíos a estudantes de Dereito ou outras diciplinas relacionadas, segundo a convocatoria.

CORTE PENAL INTERNACIONAL. PROGRAMA DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Ser licenciado ou cursar os últimos anos da licenciatura en Dereito no momento da convocatoria. Para posicións que non requiren formación legal poden ser licenciados en historia, relacións internacionais, ciencias políticas, periodismo, tradución e interpretación, psicoloxía, etc.
- Ter un bo expediente académico.
- Ter coñecementos informáticos.
- Ser menor de 35 anos.
- Dominar como mínimo unha das linguas de traballo da institución (francés e inglés). Valóranse coñecementos de castelán, ruso, chinés ou árabe.

Lugar

Nos órganos de Presidencia e Cámaras, Oficina do Fiscal e no Rexistro.

Sede da Corte Penal Internacional (A Haia, Países Baixos).

Prazos de solicitude

Os prazos de solicitude varían segundo o órgano participante, sendo polo xeral entre os meses de agosto e setembro.

Proceso de selección

A candidatura deberá incluír CV e carta de motivación xunto coa documentación requirida.

Máis información en:icc-cpi.int

Duración e contía

A duración será de 3 a 6 meses.

As prácticas non son remuneradas pero, baixo circunstancias excepcionais, podería asignarse unha axuda económica.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

O programa de prácticas do FMI ofrece sobre 50 prazas a estudantes prometedores que cursan estudos de macroeconomía ou campos relacionados, coa fin de acadar unha maior comprensión do traballo do FMI.

FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (FMI). PROGRAMA DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Estar próximo a finalizar o terceiro ciclo no ámbito da macroeconomía, do dereito ou eidos relativos.
- Estar cursando estudos universitarios.
- Ser menor de 32 anos no caso do doutorado e menor de 28 anos antes do comezo das prácticas no caso do máster.
- Ter un bo nivel de inglés e coñecementos informáticos.
- Estar estudando un doutorado ou, no seu caso, un programa de máster.

Lugar

Sede do FMI (Washington DC, Estados Unidos).

Prazos de solicitude

A solicitude faise en liña entre decembro e xaneiro do ano do período de prácticas desexado, que será realizado entre os meses de xuño e outubro.

Proceso de selección

Os mellores candidatos son presentados aos departamentos que escollen segundo as súas necesidades os perfís máis axeitados.

Máis información en: imf.org

Duración e contía

Durante un período de 10 a 12 semanas os estudantes traballan baixo a supervisión dun experto economista no desenvolvemento dun proxecto de investigación e preparación dun traballo. Neste período os bolseiros reciben un salario similar ao do persoal do FMI.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

O ITC quere fomentar un mellor coñecemento das materias relacionadas coa promoción do comercio a nivel internacional. O organismo ofrécelle ás súas divisións a colaboración de selectos estudantes especializados en campos relevantes como a economía, a promoción do comercio, o desenvolvemento de produtos e mercados, os sistemas de información comercial ou o dereito comercial internacional.

INTERNACIONAL TRADE CENTRE (ITC)

Requisitos

- Estar cursando unha licenciatura ou mestría no momento da convocatoria e continuar cos seus estudos ao tempo que realizan as prácticas.
- Facer polo menos 4 cursos nunha universidade ou centro análogo.
- Coñecementos de inglés e/ou francés.

Lugar

Sede do ITC en Xenebra (Suíza).

Prazos de solicitude

O prazo está aberto durante todo o ano.

Proceso de selección

Envíase o CV e un certificado de matrícula no centro universitario, e a solicitude entra nunha bolsa, onde permanece activa durante 6 meses. Unha vez pasado ese prazo pódese renovar a candidatura.

Para máis información: http://www.intracem.org

Duración e contía

Teñen unha duración de 3 meses. coa posibilidad de prorogalo ata un máximo de 6 meses.

Non ofrecen remuneración.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

O programa de Mozos Profesionais en Prácticas (ou JPO, do inglés *"Junior Professional Officers"*) ampárase en acordos específicos contraídos por España con diversos organismos multilaterais: co Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), co Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF), co Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) e co programa Mundial de Alimentos (PMA).
É un programa dirixido a mozos profesionais con titulación universitaria superior que estean interesados en iniciar unha carreira profesional dentro do sistema das Nacións Unidas.

NACIÓNS UNIDAS – AECID. PROGRAMA DE MOZOS PROFESIONAIS

Requisitos

- Non ter máis de 32 anos na data de peche da convocatoria.
- Ter un título de máster ou equivalente, preferentemente nas áreas de economía, ciencias sociais, xestión e, en xeral, nas disciplinas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento.
- Ter, como mínimo, un ano de experiencia profesional remunerada nun eido relevante, preferiblemente nun país en desenvolvemento.
- Valoraranse especialmente os títulos, diplomas ou coñecementos adicionais sobre materias relativas á cooperación, así como a experiencia de traballo nestes países.
- Dominio excelente de dúas das seguientes linguas: Inglés, Francés e Español. Valorarase tamén o coñecemento doutros idiomas útiles para o exercicio da actividade (ruso, portugués, árabe).
- Compromiso coa realización do traballo, tanto individual coma en equipo. Capacidade para a programación de actividades e claridade na expresión de ideas.
- Adaptación ao medio, tanto física como profesionalmente, e flexibilidade para traballar con persoas de diferentes países, linguas e culturas.
- Bos coñecementos de informática.

Lugar

Ofrécese a oportunidade de adquirir experiencia profesional no deseño, supervisión, execución e avaliación de proxectos de cooperación impulsados e xestionados polas oficinas rexionais ou locais do organismo internacional contratante.

Ocasionalmente, as prazas poden estar localizadas nas propias sedes centrais.

Prazos de solicitude

A convocatoria realízase xeralmente no primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Os candidatos son preseleccionados pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). Posteriormente, os servizos de recrutamento do PNUD ou doutro organismo internacional efectúan conxuntamente coa AECID a selección definitiva dos aspirantes, mediante entrevista persoal e en función das características das prazas que se desexa cubrir.

Máis información no seguinte enlace.

Duración e contía

Contrato dun ano de duración prorrogable a outro.

O salario correspóndese co do persoal profesional ao servizo das Nacións Unidas, arredor dos 2.600/3.000€ mensuais, pero pode experimentar variacións segundo o custo de vida no país de destino.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

Os obxectivos do programa de pasantías:

- Proporcionar aos estudantes de licenciatura e posgrao de diversos campos académicos, experiencia práctica nas oficinas das Nacións Unidas.
- Dar a coñecer o traballo das Nacións Unidas.
- Facilitar ás Nacións Unidas a asistencia de estudantes altamente cualificados e especializados en diversos campos profesionais.

NACIÓNS UNIDAS. PROGRAMA DE PRÁCTICAS NA SEDE DA ONU

Requisitos

- Nivel fluído de inglés e/ou francés;
- Estar inscrito en un programa de postgrado (segundo título universitario, su equivalente, o superior);
- Estar inscrito no último ano dun programa de estudos (licenciatura/grado universitario ou o seu equivalente);
- Ser graduado con título universitario (segundo o nivel mínimo indicado anteriormente). Se se cumpre este requisito, debe iniciarse a pasantía/práctica dentro do año da graduación;
- Non se admitirán no programa a fillos ou irmáns do personal de Nacións Unidas;
- Boas habilidades comunicativas, de traballo en equipo e cun enfoque orientado ao "cliente", entendendo por este os seus propios receptores de servizos.

Lugar

Sede das Nacións Unidas en Nova York.

Prazos de solicitude

Hai 3 períodos que coinciden con primavera, verán e outono.

O prazo de inscrición remata 4 meses antes do comezo das prácticas.

Proceso de selección

Máis información en: un.org

Duración e contía

Non son remuneradas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

A FAO ofrece bolsas de prácticas a profesionais e académicos novos que contribúen ao cumprimento do seu mandato mediante a colaboración nos programas que se levan a cabo.

As bolsas están patrocinadas por unha variedade de institucións e organizacións paraestatais.

ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS PARA A ALIMENTACIÓN E AGRICULTURA (FAO)

Requisitos

- Ter entre 21 e 30 anos.
- Estar en posesión dunha titulación universitaria ou ser estudante dos últimos cursos.
- Para a modalidade patrocinada, ter un título universitario de mestrado.
- Os candidatos deben dominar correctamente algún dos idiomas oficiais da FAO (árabe, chinés, español, francés, inglés ou ruso) dacordo co seu nomeamento. O coñecemeneto dunha segunda lingua tamén será valorado.
- Os candidatos deberán ser capaces de adaptarse a un entorno internacional multicultural e ter coñecemento bo usa dos progrmas informáticos básicos.
- Non ser fillo, irmán ou irmá dun empleado da FAO.
- Ter estatus legal de inmigración ou residencia no destino asinado.

Lugar

Na sede da FAO, en Roma, ou nalgunha das súas numerosas oficinas descentralizadas de todo o mundo.

Prazos de solicitude

Non se establece prazo, depende das vacantes.

Proceso de selección

Máis información no seguinte enlace.

Duración e contía

A duración das prácticas é de tres a once meses, no marco dun programa académico ou dun programa establecido de capacitación, nun ámbito específico do desenvolvemento.

A contía da bolsa da FAO é de 700 dólares ao mes. Os bolseiros patrocinados por outras institucións reciben unha dotación de acordo co estipulado nas mesmas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

A OTAN ofrece prácticas remuneradas nas seguintes áreas: política de defensa, xestión executiva, Oficina de Seguridade da OTAN, operacións, asuntos políticos e política de seguridade, diplomacia, Oficina de Recursos da OTAN...; e tamén en diferentes Axencias: IMS (Persoal Militar Internacional), SHAPE, NC3A, NAMA, etc.

ORGANIZACIÓN DO TRATADO DO ATLÁNTICO NORTE (OTAN)

Requisitos

- Ter cursados polo menos dous anos de estudos superiores (ou estar recén graduado) dalgunha das seguintes disciplinas: ciencias políticas, relacións internacionais, estudos de seguridade, economía, finanzas, recursos humanos, informática, deseño gráfico e web, biblioteconomía, enxeñarías ou comunicación.
- Que o título máis alto obtido non teña máis dun ano de antigüidade.
- Idade mínima de 21 anos.
- Ser cidadán dun país pertencente á OTAN.
- Nivel alto de inglés e/ou francés (valoraranse coñecementos de ruso e/ou árabe).

Lugar

Na sede da OTAN en Bruxelas e noutras oficinas.

Prazos de solicitude

O programa de prácticas da OTAN ofrece prácticas unha vez ao ano.

As listas para o ano 2021 están pechadas.

Proceso de selección

Máis información en: nato.int

Duración e contía

A duración é de aproximadamente 6 meses.

A contía da bolsa para o programa de prácticas da OTAN é de 1049,65€ brutos ao mes, e o custo da viaxe 1200€.

Terás dereito a 15 días de vacacións durante os 6 meses de duración das prácticas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

As prácticas na OIT ofrecen unha oportunidade aos estudantes que queren incrementar os seus coñecementos sobre as cuestións relevantes a nivel internacional, involucrándoos directamente no traballo da OIT e na aplicación dos seus principios.

ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO (OIT)

Requisitos

- Mestría, licenciatura ou alumnado de último ano.
- Estudos en disciplinas relevantes para a OIT: ciencias políticas e sociais, dereito Internacional, relacións laborais e ciencias económicas.
- Bo nivel dunha das linguas de traballo da OIT: español, inglés ou francés.
- Adaptabilidade a un eido internacional, multicultural e plurilingüe.
- Habilidades comunicativas.
- Iniciativa e capacidade para traballar individualmente e en equipo.

Lugar

Sede da OIT en Xenebra e outras oficinas.

Prazos de solicitude

A solicitude faise en liña con certa antelación ao período de prácticas desexado. As prácticas ofertadas publícanse nos meses de xaneiro e xuño de cada ano.

As prácticas adoitan durar de tres a un máximo de seis meses. As pasantías comezan o primeiro ou o día 15 de cada mes (ou o día seguinte se é un día non laborable).

Proceso de selección

Presentación do formulario de solicitude e dunha carta de presentación na páxina web da OIT.

Para máis información, consulta o seguinte enlace.

Duración e contía

Entre 3 e 6 meses.

No caso de non percibir ningunha remuneración a OIT ofrece un subsidio suplementario, que cubre os custos básicos de subsistencia.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

A Secretaría da OMC mantén un programa limitado de pasantías para estudantes universitarios de posgrao que desexen adquirir experiencia práctica e ampliar o seu coñecemento do sistema multilateral de comercio. As tarefas asignadas aos pasantes teñen por obxecto mellorar o seu coñecemento e comprensión da OMC e, en xeral, da política comercial. Porén, as necesidades da División que contrate ao pasante serán fundamentais para determinar o contido preciso das súas tarefas.

ORGANIZACIÓN MUNDIAL DO COMERCIO (OMC)

Requisitos

- Ser nacional dun estado membro da OMC.
- Ter rematado os seus estudos universitarios nunha disciplina pertinente como Economía, Dereito, Ciencias Políticas ou Relacións Internacionais.
- Ter cursado como mínimo un ano dos seus estudos de posgrao.
- Ter entre 21 e 30 anos.

Lugar

Sede da OMC en Xenebra (Suíza).

Prazos de solicitude

O programa incorpora continuamente novos pasantes e non ten un período específico de contratación. Non hai datas límite para a presentación de solicitudes.

Proceso de selección

Confeccionarase unha lista de candidatos da que se seleccionarán os pasantes. Ademais do programa regular de pasantías, pode xurdir a necesidade de contratar pasantes por un prazo breve para determinadas tarefas. Estas persoas tamén se escollerán entre a lista, que soamente se manterá por un ano.

Para máis información clicka no seguinte enlace.

Duración e contía

Os pasantes remunerados recibirán un subsidio de 60 francos suízos diarios (48€). A OMC poderá empregar pasantes non remunerados financiados mediante fondos externos.

As pasantías teñen unha duración máxima de entre 3 e 6 meses, dependendo do proxecto para o cal foi solicitado o pasante e das necesidades de cada División.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

Este programa está dirixido a licenciados cun excelente expediente académico que queiran desenvolver a súa carreira profesional no ámbito da cooperación internacional.

ORGANIZACIÓN PARA A COOPERACIÓN E O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICOS (OCDE). PROGRAMA DE MOZOS PROFESIONAIS

Requisitos

- Ter nacido despois do 1 de xaneiro de 1981, no caso da convocatoria do ano 2017.
- Ser nacional dun estado membro da OCDE.
- Estar licenciado ou posuír unha mestría nas áreas de economía, desenvolvemento, finanzas, xestión pública ou sustentabilidade. Os candidatos con mestría deben ter unha experiencia profesional mínima de dous anos.
- Acreditar un excelente expediente académico e capacidade de análise.
- Coñecementos das políticas dos estados, das institucións e dos procesos políticos e de reforma.
- Capacidade de traballo en solitario, así como en equipo.
- Dominio dunha das dúas linguas oficiais da OCDE, inglés ou francés.
- Coñecementos informáticos.
- Boa comunicación oral e escrita, así coma habilidades sociais.

Lugar

Sede da OCDE en París (Francia).

Prazos de solicitude

O prazo de solicitude abre durante os meses de outubro e novembro.

Proceso de selección

Convocatoria no último trimestre do ano. Ademais da valoración de méritos, os candidatos seleccionados terán que realizar un test *online* e unha entrevista persoal.

Máis información en: oecd.org

Actualmente o programa atópase en estado de revisión, e actualizarase ao longo deste 2020.

Duración e contía

A duración é de dous anos.

O salario estará exento de impostos e dependerá do destino e a situación individual, xa que podría incluír complemento por expatriación e familia.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

A UNESCO ofrece aos mozos profesionais a posibilidade de formarse mediante o programa Experto Asociado, unha interesante oportunidade para ampliar a súa experiencia nun contexto internacional e contribuír nas tarefas da UNESCO nos eidos da educación, da ciencia, da cultura ou da comunicación.

UNESCO. ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS PARA A EDUCACIÓN, A CIENCIA E A CULTURA. PROGRAMA DE EXPERTOS ASOCIADOS

Requisitos

- Ser nacional dun país doante, é dicir, que participe no programa (Alemaña, Bélxica, España, Finlandia, Francia, Grecia, Italia, Xapón, República de Corea, Suecia e Suíza).
- Posuír un diploma universitario en educación, cultura, ciencias sociais e humanas ou comunicación, ou nun eido directamente relacionado coa xestión e a administración dunha organización internacional.
- Excelente nivel de francés e/ou inglés. Un bo coñecemento doutro idioma, así como de árabe, chinés, español ou ruso. Nalgúns casos requírese o dominio dun idioma non oficial da UNESCO ou da lingua do lugar de destino.
- A experiencia profesional constitúe unha vantaxe, pero non é indispensable.
- A idade máxima varía segundo os países, aínda que adoita establecerse nos 32 anos.

Lugar

Lugar de desenvolvemento do programa en concreto ou na sede da UNESCO (París).

Prazos de solicitude

Segundo a convocatoria: es.unesco.org

Proceso de selección

Os candidatos son preseleccionados pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

Posteriormente, os servizos de recrutamento da UNESCO, conxuntamente coa AECID, efectúan a selección definitiva dos aspirantes mediante entrevista persoal e en función das características das prazas que se desexa cubrir.

Duración e contía

Contrato dun ano de duración, prorrogable por outro.

O salario corresponde ao do persoal profesional ao servizo das Nacións Unidas, sobre os 2.600/3.000€ mensuais, aínda que pode experimentar variacións segundo o custo de vida no país de destino.

Inclúe programas anteriormente ofertados coma o Junior Professional Associates, MIGA Professionals Programs, Resource Manager Fast Track Development Program... O beneficiario traballará nun entorno cultural e intelectualmente esixente nunha rexión ou unidade corporativa do Grupo Banco Mundial. Requírense habilidades de análise, coñecementos informáticos e capacidade investigadora para traballar con empregados sénior do Banco Mundial. Obtense así unha primeira experiencia nos desafíos do desenvolvemento e redución da pobreza. Despois poderase aplicar esta experiencia na consultaría, na función pública ou no ensino.

BANCO MUNDIAL. PROGRAMA DE ANALISTAS.

Requisitos

- Ser licenciado, ter unha mestría ou ser candidato ao doutoramento.
- Non ter máis de 28 anos.
- Ter un bo expediente académico. así como potencial de liderazgo, habilidades analíticas e facilidade de comunicación oral e escrita,
- Coñecementos de economía, finanzas, desenvolvemento humano, ciencias sociais, agricultura, medio ambiente, desenvolvemento do sector privado e/ou outros campos relacionados.

Lugar

Países onde o Banco Mundial desenvolve os seus proxectos e na sede en Washington (Estados Unidos).

Prazos de solicitude

A solicitude realízase *online* durante todo o ano.

Proceso de selección

Candidatura espontánea e selección segundo as necesidades da organización. Os preseleccionados deberán enviar máis información e realizar unha entrevista.

Máis información en:bancomundial.org

bancomundial.org

Duración e contía

A duración é de dous anos non renovables.

O salario depende do destino, e inclúe aloxamento e seguro médico.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

- O obxectivo é dar aos candidatos unha oportunidade para mellorar os seus coñecementos e traballar nun ambiente internacional.

TRIBUNAL INTERNACIONAL DE XUSTIZA (TIX)

Requisitos

- Ser estudante ou licenciado en Dereito.
- Dominar como mínimo unha das linguas de traballo da institución (francés e inglés).

Lugar

Sede do TIX (A Haia, Holanda).

Prazos de solicitude

Cubrir a icj-cij.orgolicitude en liña e enviar unha carta de recomendación.

Proceso de selección

Consulta o procedemento e máis cuestións técnicas no seguinte enlace: http://www.un.org/es/icj/internships.shtml

Duración e contía

A duración varía de 1 a 3 meses.

Non se contempla remuneración e o candidato deberá proverse de seguro médico e de viaxe.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.5. Organismos e Organizacións internacionais

O programa de prácticas da Organización de peixerias do Atlántico Noroeste (NAFO) permite aos estudantes e graduados dos países membros da NAFO gozar dunha oportunidade para mellorar as súas habilidades e a súa experiencia, así coma de aprender sobre a NAFO e as súas actividades. Os bolseiros traballarán na Secretaría da NAFO en Dartmouth, NS, Canadá.

NORTHWEST ATLANTIC FISHERIES ORGANIZATION (NAFO). PROGRAMA DE PRÁCTICAS

Requisitos

Os solicitantes deben ser cidadáns dun país membro da NAFO e do sector académico ou gobernamental, ter un mínimo de un título universitario, moi bo dominio falado e escrito da lingua inglesa, un bo coñecemento da informática e demostrar iniciativa persoal.

Lugar

Dartmouth, NS, Canada

Prazos de solicitude

- A finais de inverno/principios de primavera.
- A finais de verán/principios de outono.

Proceso de selección

1. Aléntase aos países membros da NAFO para tomar medidas adicionais para dar a coñecer o Programa de Pasantes da NAFO dentro dos seus países.

2. Os solicitantes deben completar o formulario de solicitude e describir os seus intereses e cualificaciones e proporcionar un currículo vitae no que se describa a súa experiencia académica e laboral, así como as súas referencias profesionais.

3. O Secretario Executivo da NAFO examinará aos solicitantes e seleccionará aos pasantes seleccionados. Para asegurar unha distribución equilibrada das pasantías entre os países membros, darase prioridade aos candidatos de Estados Membros que non estiveron representados nos últimos anos.

4. Rógase enviar a solicitude e a documentación de apoio á Secretaría da NAFO (info@nafo.int).

Pode atopar máis información na seguinte ligazón: nafo.int

Duración e contía

Por un período de ata un máximo de 3 meses, NAFO proverá unha cuantía de CDN $1,750 por mes.

NAFO non será responsable da cobertura dos custos de viaxe cara a ou desde o lugar de residencia, gastos de desprazamento nin custo do seguro médico.

Os candidatos son responsables do seu propio aloxamento.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Erasmus para Mozos Emprendedores é un programa de intercambios transnacionais que ofrece a emprendedores principiantes e persoas que desexan crear unha empresa a oportunidade de aprender de empresarios experimentados que dirixen pequenas empresas noutros países participantes.
O intercambio de experiencias prodúcese no marco de estadías con empresarios experimentados durante as cales os novos emprendedores poderán adquirir as habilidades necesarias para dirixir unha pequena ou mediana empresa. Os anfitrións benefícianse dunha nova perspectiva sobre o seu negocio e adquiren a oportunidade de cooperar con socios estranxeiros ou coñecer novos mercados.
A Cámara de Comercio de Santiago é o único punto de contacto local en Galicia que xestiona este programa co-financiado pola Comisión Europea.

ERASMUS PARA EMPRENDEDORES

Requisitos

1. Ter creado un negocio propio nos últimos tres anos ou estar planeando seriamente crear unha empresa, cuxo proxecto estea plasmado nun plan de negocio viable.
2. A empresa pode pertencer a calquera sector e non hai límites de idade para a persoa emprendedora.
3. Ser residente permanente nun dos 36 Estados participantes, ou polo menos durante os últimos seis meses anteriores. Ter motivación e comprometerse a colaborar cun empresario doutro país participante durante a estadía.
4. Estar disposto a contribuír ao desenvolvemento do negocio do empresario de acollida e a poñer á súa disposición as habilidades e competencias.
5. Estar disposto a aportar o importe necesario para completar a subvención que ofrece o programa para cubrir os gastos da estadía no estranxeiro.

Lugar

Os países de destino poderán ser, ademais de calquera dos 27 Estados membros, Armenia, Macedonia, Islandia, Montenegro, Moldavia, Turquía, Albania e Serbia.

Prazos de solicitude

Non existe unha convocatoria fixada, senón que o prazo de solicitude mantense aberto todo o ano.

Proceso de selección

Para participar neste programa, é necesario inscribirse mediante un formulario en liña, no que ademais de rexistrarse, deberase aportar o CV (recomendado en formato Europass), unha motivación, e un plan de negocio. Logo, a persoa interesada deberá poñerse en contacto cun empresario de acollida doutro país, ben procurándoo no catálogo en liña, ou ben suxeríndolle ao punto de contacto local alguén co que se comunicase previamente. Unha vez acordados os detalles do traballo e do proxecto de formación (datas, obxectivos, actividades) e remitida esa información ao punto de contacto local, deberán asinar o Compromiso de Calidade todas as partes interesadas. Ao remate da estadía no estranxeiro, o participante debe completar un **cuestionario** describindo o traballo realizado, as habilidades e coñecementos adquiridos e os beneficios do intercambio para o desenvolvemento do seu negocio.

Máis información sobre o programa Erasmus para Emprendores

Información sobre o punto de contacto local: Cámara de Comercio de Santiago

Duración e contía

A duración do intercambio poderá ser de entre un a seis meses, podendo ser dividida en tramos semanais, sen exceder os 12 meses en total.

Parte dos gastos da viaxe e da propia estadía estarán financiados a través de pagamentos que xestiona o punto de contacto local elixido polo emprendedor. Os detalles do acordo financeiro deberán ser pactados entre o participante e o punto de contacto local. Dependendo do país de destino, as contías oscilarán entre 530€/mes e 1100€/mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

As Delegacións da Unión Europea veñen ofrecendo periodos de prácticas non remuneradas a mozos e mozas en terceiros países ou nas organizacións internacionais onde están acreditadas. O obxectivo destas prácticas é achegar á mocidade un coñecemento desde dentro do traballo día a día das Delegacións así como da implementación da política exterior da Unión e a representación dos intereses da Unión fóra desta.

PRÁCTICAS NAS DELEGACIÓNS DO SERVIZO EUROPEO DE ACCIÓN EXTERIOR.

Requisitos

- Ser nacional dun Estado membro, en proceso de adhesión ou dun terceiro Estado onde a Delegación está acreditada.
- Ter título universitario ou estar no último ano da universidade.
- Ter un coñecemento excelente de idiomas estranxeiros.
- Ter menos dun ano de experiencia profesional.
- Non ter traballado nas institucións comunitarias.

Lugar

Nas delegacións do SEAE en diferentes partes do mundo. Pódese consultar o listado aquí.

Proceso de selección

Se estás interesado nun periodo de prácticas non remunerado nunha Delegación da Unión, **ponte en contacto directamente coa Delegación en cuestión**. Tanto a convocatoria como o proceso de selección fanse directamente desde aló. Ten en conta que non todas as Delegacións ofrecen estes periodos de prácticas.

Duración e contía

A duración é de seis meses como máximo e non son prácticas remuneradas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

Estes períodos de prácticas están reservados para os titulados/as universitarios/as ou de centros asimilados. Teñen por obxecto permitirlles complementar os coñecementos adquiridos durante os seus estudos e familiarizarse coa actividade da Unión Europea e, en particular, do Parlamento Europeo.

PARLAMENTO EUROPEO. BOLSAS DE PRÁCTICAS PARA TRADUTORES

Requisitos

- Título universitario ou dunha institución equivalente.
- Ter un coñecemento perfecto dunha lingua oficial da UE ou dun país candidato á adhesión e ter un coñecemento profundo doutras dúas linguas oficiais da UE.
- Ser maior de idade no momento do inicio das prácticas.
- Posuír a nacionalidade dun Estado membro da UE ou dun país candidato á adhesión.
- Non ter realizado outro período de prácticas nunha institución comunitaria superior a catro semanas.

Lugar

Luxemburgo.

Prazos de solicitude

- Para un período de prácticas de outubro a febreiro a solicitude enviarase en xuño.
- Para un período de prácticas de marzo a xullo a solicitude enviarase en novembro.

Proceso de selección

Máis información aquí.

Duración e contía

A duración das bolsas será de 3 meses.

A título indicativo, o importe da bolsa en 2016 é de 1.252,62 euros/mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Parlamento Europeo ofrece a oportunidade de realizar prácticas de formación aos mozos e mozas que teñan obtido (antes da data límite de presentación de solicitudes) un certificado de estudos secundarios correspondente ó nivel requerido para o acceso á universidade ou teñan realizado estudos superiores ou técnicos dun nivel equivalente. Estas prácticas serán destinadas, preferentemente, aos mozos e mozas que deban realizar un período de prácticas no marco dos seus estudos, sempre que teñan cumprido 18 anos o día de comezo das prácticas.

PARLAMENTO EUROPEO. PRÁCTICAS DE FORMACIÓN

Requisitos

a) Ter a nacionalidade dun Estado membro da UE ou dun país candidato á adhesión.
b) Ter cumprido os 18 anos na data de comezo das prácticas.
c) Ter un coñecemento perfecto dunha das linguas oficiais da UE.
d) Non ter desfrutado dun período de prácticas ou dun contrato remunerado de máis de catro semanas con cargo ó orzamento da UE.
e) Os/as bolseiros/as no eido da infancia deberán presentar un certificado de antecedentes penais que se remonte a menos dun ano e proceda do último lugar de residencia do bolseiro/a.

Lugar

Bruxelas, Luxembrugo e Estrasburgo.

Prazos de solicitude

Para as prácticas non obrigatorias:

- Inscrición: 1 de agosto ao 1 de outubro (comezo das prácticas: 1 de xaneiro).
- Inscrición: 1 de decembro ao 1 de febreiro (comezo das prácticas: 1 de maio).
- Inscrición: 1 de abril ao 1 de xuño (comezo das prácticas: 1 de setembro).

Para as prácticas obrigatorias

- Inscrición: 1 de xaneiro ao 30 de abril (comezo das prácticas: 1 de outubro).
- Inscrición: 1 de maio ao 31 de agosto (comezo das prácticas: 1 de febreiro).
- Inscrición: 1 de setembro ao 31 de decembro (comezo das prácticas: 1 de xuño).

Proceso de selección

Máis información aquí.

Duración e contía

A duración das prácticas de formación é de un a catro meses, con posibles excepcións.

Estas prácticas non son remuneradas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Servizo Europeo de Acción Exterior (SEAE) é o servizo diplomático da Unión Europea. Encárgase de apoiar á Xefa das relacións exteriores da Unión (a Alta Representante para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade) a executar e levar a cabo a Política Exterior e de Seguridade Común. O servizo comezou a funcionar formalmente o 1 de xaneiro de 2011, pero foi creado co Tratado de Lisboa, que entrou en vigor en 2009.

O periodo de prácticas é xestionado pola Traineeships Office da DX de Educación e Cultura da Comisión Europea. Das 1.400 prazas ofertadas cada ano, 60 corresponden a prácticas no SEAE (30 para cada período). As prácticas no SEAE ofrecen a oportunidade de acadar un mellor coñecemento e entenedemento do funcionamento das institucións comunitarias e do proceso de toma de decisións no eido das relacións internacionais.

PRÁCTICAS NO SERVIZO EUROPEO DE ACCIÓN EXTERIOR.

Requisitos

- Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- Ter unha titulación universitaria de, polo menos, tres anos.
- Bo coñecemento de inglés/francés/alemán e bo coñecemento doutra lingua oficial.

Lugar

Nas oficinas do SEAE.

Proceso de selección

Máis información: ec.europa.eu

Duración e contía

Prácticas de 5 meses con remuneración variable.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Centro Común de Investigación, que é unha Dirección Xeral da Comisión Europea, convoca, ao longo do ano, bolsas de prácticas científicas remuneradas (de temática relacionada coa actividade da institución) para titulados universitarios, estudantes de posgrao ou prácticas incluídas no plan de estudos.

CENTRO COMÚN DE INVESTIGACIÓN (JRC). BOLSAS DE PRÁCTICAS CIENTÍFICAS

Requisitos

- Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou dun dos países asociados ao Programa. Posuír unha titulación universitaria superior.
- Dominio de polo menos dous idiomas da UE, un debe de ser o francés, o inglés ou o alemán.
- O nivel do segundo idioma debe de ser como mínimo B2.
- Dependendo do perfil concreto, pódense establecer requisitos adicionais aos candidatos.

Lugar

Nas diferentes sedes do Centro Común de Investigación da UE.

Prazos de solicitude

Vanse convocando os perfís concretos demandados ao longo do ano.

Proceso de selección

No proceso de selección valorarase o expediente académico e o coñecemento de idiomas.

Para máis información preme aquí.

Duración e contía

A duración oscila entre tres e cinco meses, e a contía varía segundo períodos e en función da distancia entre o domicilio do bolseiro e o centro de traballo.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

A Comisión Europea concede cada ano, en dous períodos de cinco meses, máis de 1.000 bolsas de prácticas. As estadías abordan eidos tan variados como economía, xornalismo, ciencias políticas, dereito, tradución, etc. e os bolseiros farán tarefas moi similares ás realizadas polos funcionarios das institucións comunitarias.

COMISIÓN EUROPEA. BOLSAS DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Titulado universitario.
- Acreditar un bo coñecemento dalgunha das linguas de traballo comunitarias (inglés, francés ou alemán) ademais da materna.
- Non ter realizado outro período de prácticas nunha institución comunitaria (remunerado ou non) superior a 6 semanas.

Lugar

Direccións Xerais da Comisión: Bruxelas ou Luxemburgo.

Prazos de solicitude

- Para realizar prácticas de marzo a xullo, a solicitude remitirase entre o 16 de xullo e o 31 de agosto do ano anterior.
- Para as prácticas de outubro a febreiro enviaranse as candidaturas durante o mes de xaneiro.

Proceso de selección

Cómpre estar moi atento ás datas de recepción da documentación para os períodos de prácticas, xa que poden variar; e á publicación do *Libro Azul*, a lista virtual onde se recollen todos os candidatos preseleccionados.

Máis información en: ec.europa.eu

Duración e contía

A duración destas bolsas será dun máximo de 5 meses, cunha remuneración de 1,176.83€ en relación ao custo de vida.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

A Secretaría Xeral do Consello ofrece en torno a 100 bolsas de prácticas remuneradas cada ano para nacionais dos Estados Membros que, no momento de rematar o prazo para o envío de solicitudes, teñan completado, polo menos, un primeiro ciclo de estudos universitarios.

CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

Requisitos

- Ter a cidadanía europea ou ser nacional dun Estado candidato que teña rematado as negociacións de adhesión.
- Titulado universitario, principalmente en dereito, ciencias políticas, relacións internacionais, estudos europeos e economía.
- A SXC también busca traballadores en prácticas que teñan cualificacións noutros campos, como os seguintes: Tradución, Recursos Humáns, Comunicación, Educación, Informática, Diseño Gráfico, Multimedia, Tecnoloxía Agrícola, Enxeñería Bioquímica, Saúde e Seguridade Alimentaria, Xestión da Enerxía, Medio Ambiente e Engeniería Aeroespacial.
- Acreditar un bo coñecemento do inglés e/ou francés.
- Non ter realizado outro período de prácticas nunha institución comunitaria superior a 8 semanas.
- Non ser maior de trinta anos.

Lugar

Bruxelas.

Prazos de solicitude

Hai dous períodos de prácticas: do 1 de febreiro ao 30 de xuño, e do 1 de setembro ao 31 de xaneiro.

As candidaturas deben enviarse antes do 1 de outubro (do ano anterior ó inicio) e o 1 de abril respectivamente.

Proceso de selección

As solicitudes serán examinadas entre setembro e xaneiro, e o Consello contactará directamente cos candidatos seleccionados.

Para máis información, preme aquí.

Duración e contía

A duración destas bolsas será de 5 meses, cunha remuneración segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Comité das Rexións ofrece dúas veces ao ano períodos de prácticas remunerados de cinco meses a titulados universitarios.
O CdR tamén ofrece a posibilidade de realizar visitas de estudos, non remuneradas, cunha duración de entre un e catro meses.

COMITÉ DAS REXIÓNS (CDR)

Requisitos

- Titulado universitario.
- Ser nacional dun Estado membro da UE ou dun Estado candidato oficial para a adhesión.
- Acreditar un bo coñecemento dalgunha das linguas de traballo comunitarias (Inglés ou francés) ademais da materna.
- Non ter realizado outro período de prácticas nunha institución comunitaria superior a 8 semanas.

Lugar

Bruxelas.

Prazos de solicitude

Sesión de primavera: 16 de febreiro ao 15 de xullo.
Período de solicitude: 1 de abril ao 30 de septembro (medianoit, Brussels time) do ano anterior.
Pre-selección e entrevistas: Novembro.
Selección: Decembro.

Sesión de outono: 16 de setembro ata o 15 de febreiro.
Período de solicitude: 1 de outubro ao 31 de marzo (medianoite, Bruxelas) do mesmo ano.
Pre-selección e entrevista: Maio.
Selección: Xuño.

Proceso de selección

Máis información: cor.europa.eu

Duración e contía

A duración destas bolsas será de 5 meses, cunha remuneración segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

As visitas de estudos pódense solicitar en calquera época do ano e por iniciativa propia.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Banco Central Europeo ofrece a posibilidade de realizar prácticas na súa sede a estudantes que teñan como mínimo a licenciatura, e ata o nivel de doutoramento. Teñen preferencia os estudantes pertencentes ás seguintes áreas: económicas, administración de empresas, estatística, dereito, recursos humanos e tradución.

BANCO CENTRAL EUROPEO

Requisitos

- Ter máis de 18 anos e ter coñecementos avanzados de inglés e doutro idioma oficial da UE.
- Ser cidadán dun dos países da UE ou dun dos países candidatos.
- Ser como mínimo licenciado e ter unha experiencia profesional dun máximo de 12 meses, ademais dun máximo de 6 meses de prácticas.
- Non ter sido becario ou traballado anteriormente no BCE.

Lugar

Frankfurt.

Prazos de solicitude

O prazo para solicitar estas prácticas está aberto todo o ano, pero periodicamente publícase unha listaxe dos postos vacantes.

A primeira entrevista é telefónica.

Proceso de selección

Máis información en: ecb.europa.eu

Duración e contía

A duración nunha primeira instancia é de entre 3 e 6 meses prorrogable ata 12 meses. O importe varía segundo as tarefas a desenvolver, sendo por regra xeral de 1,050 euros ao mes, e de 1900 euros no caso dos becarios que teñan completados dous anos de doutoramento e que tiveran solicitado unha vacante que así o requerise.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

As Axencias Comunitarias son organismos regulados polo Dereito Público Europeo, distinto das institucións da UE e con personalidade xurídica propia. Creáronse co obxectivo de realizar tarefas moi técnicas ou de índole científica, e poden ser executivas ou descentralizadas. Dispoñendo de períodos de prácticas propios, segundo a Axencia.

AXENCIAS EUROPEAS

Requisitos

- Titulado universitario.
- Acreditar un bo coñecemento dalgunha das linguas de traballo comunitaria ademais da materna.
- Non ter realizado outro período de prácticas nesa Axencia.

Lugar

Nas sedes das distintas Axencias Comunitarias.

Prazos de solicitude

Varía en función da Axencia.

Proceso de selección

Máis información en: epso.europa.eu

Duración e contía

A duración das prácticas e o importe varía en función da Axencia.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Programa de pasantías da Axencia Europea de Defensa diríxese aos graduados universitarios recentes que desexan facer a transición ao mundo do traballo nunha organización no corazón da cooperación en defensa en Europa. Ofrécense prácticas como Soporte de Capacidades Marítimas do Oficial de Proxecto.

AXENCIA EUROPEA DE DEFENSA. PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA MOZOS GRADUADOS.

Requisitos

- Ser nacional dun Estado membro que participe na Axencia.
- Ter, alomenos, completado o primeiro ciclo (mínimo de tres anos) dun curso de educación superior (educación universitaria) e obter un título completo ou o seu equivalente antes da data de peche das solicitudes.
- Idiomas: os solicitantes deben ter moi bo coñecemento de polo menos dous idiomas dos Estados membros participantes, dos cales un debe ser o inglés, xa que é o idioma de traballo principal da EDA. O coñecemento dos idiomas adicionais dos Estados membros participantes será tomado en conta de xeito positivo.
- Antecedentes relacionados coas actividades operacionales da EDA: antecedentes educativos nun campo relacionado coas actividades da Dirección/Unidade na que se desexa traballar.
- Certificado de aprobación de seguridade do persoal (PSCC).

Lugar

Bruxelas.

Prazos de solicitude

No 2019, o prazo para a presentación de solicitudes comezou o 28 de novembro de 2018 e rematou o 29 de marzo. As prácticas comezaron o 15 de xullo.

Proceso de selección

Máis información aquí.

Duración e contía

A duración e cuantía pode variar.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Corpo Europeo de Solidariedade é unha iniciativa impulsada pola Comisión Europea, anunciada polo presidente Juncker no discurso anual sobre o Estado da Unión en setembro de 2016. A iniciativa púxose en marcha a partires de decembro dese mesmo ano.
O obxectivo do Corpo Europeo da Solidariedade é crear oportunidades para que os mozos e mozas traballen como voluntarios ou colaboren en proxectos que beneficien a comunidades e cidadáns de toda Europa. Desta maneira, perséguese a consolidación dunha sociedade máis integradora, na que se apoie as persoas vulnerables e se dea resposta aos retos sociais, a través de experiencias estimulantes e enriquecedoras para os participantes.

CORPO EUROPEO DE SOLIDARIEDADE

Requisitos

1. A inscrición poderase realizar a partir dos 17 anos, pero até o cumprimento dos 18 non se poderá participar en ningún proxecto. A idade máxima é de 30 anos.
2. Deberase ter nacionalidade ou residencia legal nun dos Estados membros da Unión europea ou dalgún dos seguintes países: Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía ou Macedonia.
3. Aceptar os obxectivos e principios do Corpo Europeo de Solidariedade e compartir os seus valores.

O cumprimento dos anteriores requisitos permite a participación no Corpo Europeo de Solidariedade, sen prexuízo de que cada proxecto poña cadanseus requirimentos.

Lugar

Polo xeral, os proxectos han de desenvolverse dentro dos Estados membros da Unión Europea.

Prazos de solicitude

O Corpo Europeo de Solidariedade é unha iniciativa nova, polo que hai moitas organizacións que aínda están na fase de elaboración de propostas de proxectos. Até finais da primavera de 2017 non se comezou a a admitir participantes, que se incorporarían a partir de xuño do mesmo ano.

A Comisión Europea anunciará convocatorias de propostas para distintos tipos de proxectos do Corpo Europeo de Solidariedade e difundirá a información pertinente a través das redes sociais e do correo electrónico.

No portal da iniciativa, unha vez rexistrado/a, pódense ver as diferentes ofertas existentes na totalidade dos Estados membros.

Proceso de selección

Os interesados deberán realizar unha inscrición na páxina web, na que confirmarán que aceptan e defenden os obxectivos e principios do Corpo Europeo de Solidariedade. Nesa inscrición pedirase información sobre experiencia, coñecementos, preferencias e a elaboración dun perfil actualizable en calquera momento. A partires de aí, os datos da persoa inscrita quedarán gardados nunha base á que terán acceso as organizacións autorizadas pola Comisión Europea para levar a cabo os proxectos. Estas serán as encargadas de contactar coas persoas interesadas para ofrecerlles un posto dentro do seu proxecto, podendo os inscritos aceptalo ou rexeitalo. Unha vez aceptada a oferta, as organizacións e participantes deberán asinar o contrato de solidariedade onde se especifiquen os detalles, para que a Comisión poida avalalo.

Para acceder ao portal de rexistro, prema na seguinte ligazón .

Duración e contía

O proxecto estará en funcionanmento ata o 2020 e a súa duración poderá oscilar entre dous meses e un ano.

As persoas que participen en proxectos como voluntarios non percibirán remuneración algunha, senón outros tipos de axuda económica procedente do correspondente programa da UE que financie a actividade, que cubrirán gastos de transporte, aloxamento, manutención, seguro médico e diñeiro de *peto.*

As persoas contratadas a través da vertente ocupacional do Corpo Europeo de Solidariedade terán un contrato de traballo, polo que recibirán unha remuneración acorde á normativa salarial e aos convenios colectivos vixentes no país de recepción.

As persoas contratadas como aprendices ou bolseiros terán un contrato de traballo e, en principio, pagaráselles unha dieta.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Valedor do Pobo Europeo ofrece prácticas dúas veces ao ano sobre todo para perfís de titulados en dereito. Comezan o 1 de setembro e o 1 de xaneiro de cada ano.

VALEDOR DO POBO EUROPEO

Requisitos

- Ser nacional dun Estado da UE.
- Ter un título universitario en Dereito, Ciencias Políticas, Estudios Europeos, Administración Pública Europea, Relacións Internacionais, Economía, Estadística, RRHH, Comunicación ou Ciencias da Computación
- Coñecer un dos idiomas oficiais da UE, especialmente de inglés.
- Non ter realizado previamente prácticas remuneradas nunha institución da UE.

Lugar

Estrasburgo ou Bruxelas, en función das necesidades da oficina.

Prazos de solicitude

As prácticas comezan normalmente o 1 de setembro ou o 1 de xaneiro de cada ano. Para cada período de prácticas, publícase un anuncio, normalmente o 1 de febreiro e o 1 de maio, onde se especifican os perfís que se pretenden cubrir.

Proceso de selección

Máis información en: ombudsman.europa.eu

Duración e contía

A duración é de catro a doce meses, cunha remuneración dependendo do orzamento, cunha estimación de arredor de 1.300 euros/mes en Bruxelas e 1.500 euros/mes en Estrasburgo.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Banco Europeo de Inversións é propiedade dos 28 países da UE. O seu obxectivo é a de mellorar as distintas condicións dos países da UE e o seu desenvolvemento baixo diferentes proxectos.
As bolsas no BEI procuran dar ós solicitantes unha visión xeral dos obxectivos do BEI e os obstáculos para alcanzalos; ofrecerlles coñecemento práctico sobre o traballo nesa institución; darlles a oportunidade de obter experiencia profesional e personal a través dos contactos do traballo do día a día; e implementar os coñecementos e as habilidades que obtiveron durante os seus estudos.

BANCO EUROPEO DE INVERSIÓNS

Requisitos

- Nacionais dos Estados membros da Unión Europea ou de terceiros países nun número limitado.
- Graduados universitarios con menos dun ano de experiencia profesional.
- Ter un dominio profundo dun dos idiomas de traballo do Banco (francés/inglés). Valorarase o coñecemento doutra lingua comunitaria.
- Darase preferencia aos solicitantes que teñan completado ou comezado un curso sobre integración europea ou sobre outros eidos relacionados coas actividades do BEI como institución de financiación da UE.
- Ter menos dun ano de experiencia laboral.

Lugar

Luxemburgo.

Prazos de solicitude

Hai tres periodos cada ano, que comezan o 1 de febreiro, 1 de xullo e o 1 de setembro.

As distintas oportunidades son publicadas, polo xeral, con 3 ou 4 meses de anterioridade á data de inicio.

Proceso de selección

Máis información: epso.europa.eu

Duración e contía

Terán unha duración de entre 1 e 5 meses e lévanse a cabo principalmente en Luxemburgo.
Remuneración mensual e gastos de viaxe desde o país de orixe.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Parlamento Europeo ofrece varias modalidades de bolsas de prácticas e visitas de estudos no seo da súa Secretaría Xeral co fin de que os titulados poidan familiarizarse co funcionamento da UE. Estas prácticas poden ser remuneradas ou non, sendo as máis coñecidas as Bolsas Schuman (opción xeral e opción xornalismo).

PARLAMENTO EUROPEO. BOLSAS DE PRÁCTICAS PARA TITULADOS UNIVERSITARIOS (BOLSAS ROBERT SCHUMAN)

Requisitos

- Titulado universitario.
- Acreditar un documento substancial escrito para a opción xeral ou ben demostrar a experiencia profesional para a opción xornalismo.
- Acreditar un bo coñecemento dalgunha das linguas de traballo comunitarias ademais da materna.
- Ser maior de idade no momento do inicio das prácticas.
- Posuír a nacionalidade dun Estado membro da UE.
- Non ter realizado outro período de prácticas nunha institución comunitaria superior a catro semanas.

Lugar

Sedes do Parlamento Europeo: Bruxelas, Estrasburgo ou Luxemburgo.

Prazos de solicitude

- Prazo de solicitude para o periodo de prácticas do 1 de outubro ao 28/29 de febreiro: 1 de xuño - 30 de xuño.
- Prazo de solicitude para o periodo de prácticas do 1 de marzo ao 31 de julio: 1 de novembro - 30 de novembro.

Proceso de selección

Mais información aquí.

Duración e contía

A duración das bolsas será de 5 meses.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Comité Económico e Social ofrece dúas veces por ano períodos de prácticas remuneradas de cinco meses a titulados universitarios. Ademais, o CES ofrece a posibilidade de realizar visitas de estudos, non remuneradas, cunha duración máxima de tres meses.

COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL (CES)

Requisitos

- Titulado universitario.
- Acreditar un bo coñecemento dalgunha das linguas de traballo comunitarias ademais da materna.
- Non ter realizado outro período de prácticas nunha institución comunitaria.
- Coñecemento acreditado dalgún dos eidos de traballo do CES.

Lugar

Bruxelas.

Prazos de solicitude

Para a sesión de outono, o prazo de solicitude é entre o 3 de xaneiro e o 31 de marzo.

Para a sesión de primavera, o prazo de solicitude é entre o 1 de xullo ata o 30 de setembro (a partir do ano seguinte).

Proceso de selección

Máis información aquí.

Duración e contía

A duración destas bolsas será dun máximo de 5 meses, cunha remuneración de aproximadamente 1.190 € ao mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Tribunal de Contas da UE organiza durante todo o ano cursos prácticos de formación nos ámbitos relacionados coas súas actividades. Porén, debido ás restricións orzamentarias, o número de cursos de prácticas é moi limitado.

TRIBUNAL DE CONTAS DA UNIÓN EUROPEA

Requisitos

- Ser nacional dun Estado membro da UE.
- Posuír unha titulación recoñecida de nivel universitario, ou ter realizado polo menos catro semestres de estudos universitarios nun ámbito de interese para o Tribunal.
- Desexar adquirir unha formación práctica relacionada con algún dos ámbitos de actividade do Tribunal de Contas.
- Posuír un coñecemento profundo dunha lingua oficial da UE e un coñecemento satisfactorio de polo menos outra lingua oficial da UE.
- Non ter desfrutado doutras prácticas na UE.

Lugar

Luxemburgo.

Prazos de solicitude

- Para a sesión que comeza en marzo de 2021, o prazo é do 1 de outubro de 2020 até o 30 de novembro.
- Para a sesión que comeza en maio de 2021, o prazo é do 1 de decembro de 2020 até o 31 de xaneiro de 2021.
- Para a sesión que comeza en outubro de 2021, o prazo é do 1 de maio de 2021 até o 30 de xuño.

Proceso de selección

Máis información aquí.

Duración e contía

A duración das prácticas é de 3, 4 ou 5 meses, cunha remuneración segundo dispoñibilidade (1350 euros/mes, no seu caso).

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O ORECE aspira a que a lexislación da UE pertinente aplíquese de maneira uniforme, de forma que a UE dispoña dun mercado único de comunicacións electrónicas que funcione.

Ofrece asesoramento ás institucións europeas a petición destas e por propia iniciativa. O ORECE componse do denominado Consello de Reguladores. Trátase dun organismo composto polos directores (ou os representantes de alto nivel designados) do regulador nacional de cada país da UE.

A ORECE mantén aberto durante todo o ano o proceso de solicitude para a selección de bolseiros nas súas oficinas.

ORGANISMO DE REGULADORES EUROPEOS DAS COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS (ORECE). BOLSAS DE FORMACIÓN.

Requisitos

Grao universitario.

Lugar

Riga (Letonia).

Prazos de solicitude

A próxima convocatoria publicarase en primavera do 2021.

As solicitudes son revisadas cada ano despois do 30 de xullo.

A data indicativa de inicio de prácticas é o 1 de outubro de cada ano.

Para máis información: berec.europa.eu

Proceso de selección

Os candidatos deben presentar a súa solicitude enchendo o formulario de solicitude en liña e enviando

- Unha carta de presentación que describaos seus motivos de solicitude;
- Un CV redactado co formato Europass CV.

Os candidatos que desexen solicitar máis dun perfil deben presentar unha solicitude por separado para cada perfil.

Solicítase explicitamente aos solicitantes que destaquen e aporten unha breve descrición da súa experiencia e coñecementos relevantes para a bolsa. Os solicitantes están convidados a indicar, ademais da duración dos estudos, a duración dos diplomas que posúan.

Duración e contía

As bolsas ofrécense inicialmente por un período de seis meses, con opción de prórroga ata doce meses.

Os alumnos reciben unha subvención mensual calculada ao comezo de cada ano e publicada no sitio web da Oficina do ORECE.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.1. Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa (FGE) ten entre os seus fins estatutarios fomentar o achegamento da realidade galega a Europa e potenciar o seguimento dos asuntos europeos e a formación en temas comunitarios. A FGE convoca anualmente bolsas para titulados superiores para contribuír á súa especialización neste eido. Tres das bolsas están destinadas ao seguimento das políticas comunitarias tendo como licenciaturas preferentes: grao ou licenciatura en Dereito, Dirección e Xestión Pública, Ciencias Políticas, Ciencias Económicas e Administración e Dirección de Empresas. As outras dúas prazas resérvase a graduados ou licenciados en Ciencias da Comunicación, para informar sobre as actividades da FGE e sobre a presenza galega en Bruxelas, a integración europea e a súa particular incidencia en Galicia.

BOLSAS DE FORMACIÓN EN ASUNTOS EUROPEOS PARA LICENCIADOS UNIVERSITARIOS NAS OFICINAS DA FGE

Requisitos

- Ser nacional dun dos Estados membros da Unión Europea.
- Ter nacido en Galicia, ser fillo de galegos ou acreditar residencia en Galicia desde antes do 1 de xaneiro de 2015.
- Estar en posesión dun título universitario superior (licenciatura ou grao) con posterioridade ao 31 de decembro de 2010.

Lugar

Oficinas da FGE en Santiago (unha praza) e en Bruxelas (tres prazas, unha delas reservada á bolsa de comunicación).

Prazos de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Proceso de selección

O proceso de selección dos beneficiarios das bolsas constará de dúas fases:
I.- Unha **primeira fase** de valoración de méritos. Polo que se refire á formación académica e laboral, atenderase ao expediente académico, aos estudos preferentes, posgraos, cursos relacionados cos ámbitos obxecto das bolsas e títulos de idiomas.
II.- Unha **segunda fase** de entrevista. Os aspirantes seleccionados serán convocados a unha entrevista na cal se valorará o coñecemento xeral sobre a organización dunha oficina e a capacidade de adaptación e de traballo en equipo, especialmente en contornos multiculturais e multilingües. A comisión de valoración poderá efectuar preguntas en lingua inglesa e/ou francesa.

Para máis información: fundaciongaliciaeuropa.eu

Duración e contía

A contía bruta individual das axudas para todo o período será:
– Para as bolsas con destino na oficina da FGE en Santiago de Compostela: doce mil cincuenta euros (12.050 €).
– Para as bolsas con destino na oficina da FGE en Bruxelas: catorce mil seiscentos vinte euros (14.620 €).
Para as persoas bolseiras que vaian realizar a súa formación en Bruxelas establécese unha axuda complementaria de cincocentos euros (500 €) en concepto de gastos de viaxe que serán aboados unha vez comezadas as prácticas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.1. Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa convoca unha bolsa de formación para a realización de prácticas de auxiliar administrativo na súa oficina en Bruxelas. Esta convocatoria ten por obxecto proporcionar ao/á beneficiario/a a posibilidade de poñer en práctica os coñecementos adquiridos durante os seus estudos, realizando prácticas de aprendizaxe de tarefas administrativas e familiarizándose, así mesmo, en asuntos relacionados co funcionamento da UE en xeral e das institucións europeas en particular. O obxectivo final é permitir unha experiencia e un coñecemento práctico das actividades cotiás dunha oficina e ofrecerlle a posibilidade de traballar nun entorno multicultural e plurilingüe.

BOLSA PARA A FORMACIÓN EN PRÁCTICAS DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO NA OFICINA DA FGE EN BRUXELAS

Requisitos

- Ser nacional dun dos Estados membros da UE.
- Ter nacido en Galicia, ser fillo de galegos ou acreditar residencia en Galicia desde antes do 1 de xaneiro de 2015.
- Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos de Formación Profesional: Técnico/a superior en Secretariado ou Técnico/a superior en Asistencia á Dirección obtidos con posterioridade ao 31 de decembro de 2010.

Lugar

Na oficina da FGE de Bruxelas.

Prazos de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Proceso de selección

O proceso de selección dos beneficiarios das bolsas constará de dúas fases:
I.- Unha **primeira fase** de méritos. Polo que se refire á formación académica e laboral, atenderase ao expediente académico, cursos relacionados coa bolsa e títulos de idiomas.
II.- Unha **segunda fase** de entrevista. Os aspirantes serán convocados a unha entrevista na que se valorará o coñecemento xeral e de actualidade sobre organización dunha oficina e a capacidade de adaptación e de traballo en equipo, especialmente en contornas multiculturais e plurilingües, podendo a Comisión de Valoración efectuar algunha pregunta en lingua inglesa ou francesa.

Para máis información:
guias.fundaciongaliciaeuropa.eu

Duración e contía

A duración abrangue un período de 12 meses, cunha contía anual de 16.200€ máis 500€ en concepto de gastos de viaxe que serán aboados ao comezo das prácticas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.1. Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa (FGE) convoca, en colaboración coa Axencia Galega de Innovación (GAIN), unha bolsa para a formación en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación destinada a titulados superiores universitarios.

BOLSA PARA A FORMACIÓN DE TITULADOS UNIVERSITARIOS NO ÁMBITO DA I+D+I NA OFICINA DA FGE EN BRUXELAS

Requisitos

- Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- Ser natural de Galicia, ser fillo/filla de galegos ou acreditar a súa residencia en Galicia polo menos desde os dous anos anteriores á publicación da convocatoria e nivel B2 nalgunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Posuír un título universitario de grao, licenciatura, enxeñaría ou equivalente ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición.
- Os estudos conducentes a obtención do título deberon terse rematado dentro dos seis anos anteriores ao da publicación da convocatoria.
- Posuír un nivel B2 ou superior en lingua inglesa.

Lugar

Na oficina da FGE de Bruxelas.

Prazos de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Proceso de selección

O proceso de selección dos beneficiarios das bolsas constará de **dúas fases**:
I.- Unha **primeira fase de méritos**. Polo que se refire á formación académica e laboral, atenderase ao expediente académico, cursos relacionados coa bolsa, participación en proxectos e títulos de idiomas.
II.- Unha **segunda fase de entrevista**. Os aspirantes serán convocados a unha entrevista na que se valorará o coñecemento xeral das institucións comunitarias e políticas europeas (en particular a científica e tecnolóxica), o coñecemento sobre o programa Horizon 2020 e o grao de fluidez na lingua inglesa.

Máis información en: fundaciongaliciaeuropa.eu

Duración e contía

A duración abrangue un período de 12 meses, cunha contía anual de 16.200€ máis 1.100€ en concepto de axuda de desprazamento para gastos de viaxe.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Museo Nacional do Prado, en colaboración co Banco de España, convoca unha bolsa para titulados destinada á formación de futuros especialistas e fomentar a investigación nas diferentes áreas e modalidads

MUSEO NACIONAL DO PRADO. BOLSAS DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN EN COLABORACIÓN CO BANCO DE ESPAÑA

Requisitos

- Diplomatura, licenciatura ou grao en Bellas Artes ou na titulación correpondente en cada área, coa especialidade requerida en función de cada caso.
- Dúas cartas de presentación de profesores.
- Memoria do proxecto a realizar.
- Coñecementos sobre historia e colecións do museo, aplicación das TICs a educación, alfabetización dixital, e-learning, deseño e edición dixital e programas de tratamento de imaxes.
- Ser cidadán europreo cun alto nivel de español e inglés falado e escrito. En función da área e da convocatoria, poderá ser necesaria coñecementos en lingua francesa.

Lugar

No Museo Nacional do Prado (Madrid).

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Unha Comisión de Estudio e Valoración, efectuará a valoración das solicitudes en dúas fases: valoración de méritos e da proposta e xustificación da petición da bolsa, e entrevista presencial.

Para máis información: museodelprado.es

Duración e contía

A duración é de 12 meses, cunha contía total para cada bolsa de 18.000€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Museo Nacional do Prado convoca bolsas para a formación de futuros especialistas e fomentar a investigación en distintas áreas do museo.

MUSEO NACIONAL DO PRADO. BOLSAS PARA A FORMACIÓN DE FUTUROS ESPECIALISTAS

Requisitos

- Licenciado ou graduado en Historia da Arte con media de notable.
- Dúas cartas de presentación de profesores e unha carta de motivación.
- Coñecemento sobre o Museo e as súas coleccións, especialmente do século XIX, das fontes documentais, metodoloxía de investigación, informática, base de datos e inglés.

Lugar

No Museo Nacional do Prado (Madrid).

Prazos de solicitude

Último trimestre do ano.

Proceso de selección

Para máis información: museodelprado.es

Duración e contía

A duración é de 1 ano, renovable por outro ano. A contía total é de 18.000€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Museo Nacional do Prado, en colaboración co Meadows Museum de Dallas (EEUU), ofrece un programa de becas remuneradas, para estudantes graduados, destinadas á formación dos especialistas en historia do arte. O obxecto das bolsas Meadows Museum - Museo Nacional del Prado é contribuír á formación de investigadores e especialistas nas áreas de conservación das coleccións do Museo Nacional do Prado entre os séculos XV-XVIII, incluíndo ambos os dous. Unha bolsa destinarase ás coleccións dos séculos XV y XVI, e a segunda, ás coleccións do Barroco, séculos XVII-XVIII, en calquera escola representada no Prado.

MUSEO NACIONAL DO PRADO. BOLSAS DE FORMACIÓN DE INVESTIGACIÓN EN COLABORACIÓN CO MEADOWS MUSEUM

Requisitos

- Segundo a convocatoria do ano 2016, osuír o título de Licenciado ou Grao en Historia da Arte con posterioridade a xaneiro de 2009-1010. Dúas cartas de presentación de profesores.
- Formación específica no ámbito da especialidade secleccionada-
- Coñecementos de Informática.
- Alto nivel de inglés falado e escrito.

Lugar

No Museo Nacional do Prado (Madrid).

Os bolseiros realizarán unha estadía de dúas semanas durante o desenvolvemento da bolsa como persoal invitado no Meadows Museum.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Unha Comisión de Estudio e Valoración, efectuará a valoración das solicitudes en dúas fases: valoración de méritos e da proposta e xustificación da petición da bolsa, e entrevista presencial.

Para máis información: museodelprado.es

Duración e contía

A duración é de 12 meses, cunha contía total para cada bolsa de 18.000€.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea ofrece cada ano un número limitado de prazas para realizar prácticas remuneradas, dunha duración máxima de cinco meses. As prácticas desenvólvense principalmente na Dirección de Investigación e Documentación, no Servizo de Prensa e Información, na Dirección Xeral de Tradución e na Dirección de Interpretación.

TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA

Requisitos

- Os candidatos deben posuír un título universitario en Dereito ou Ciencias Políticas (especialidade Dereito) ou, para as prácticas na Dirección de Interpretación, un título de intérprete de conferencias.
- Por razóns do servizo, é tamén desexable posuír un bo coñecemento de francés.

Lugar

Bruxelas, Estrasburgo e Luxemburgo.

Prazos de solicitude

Hai dous períodos de prácticas:
- do 1 de marzo ao 31 de xullo (presentación das candidaturas o 1 de xullo ao 30 de setembro de cada ano);
- do 16 de setembro ao 15 de febreiro para as prácticas nos gabinetes (presentación das candidaturas do 1 de febreiro ao 15 de abril de cada ano).
-do 1 de outubro ao 28 de febreiro para as prácticas nos servizos (presentación das candidaturas do 1 de febreiro ao 15 de abril de cada ano).

Proceso de selección

Máis información en: curia.europa.eu

Duración e contía

A duración máxima é de 5 meses e o importe da beca ascende a 1.177 euros netos ao mes. Aboarase 150 € por gastos de viaxe a aqueles becarios cuxa residencia se atope a máis de 200 km xeográficos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A Fundación SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais), en colaboración con Correo Express S.A., convoca o programa “Fundación SEPI-CORREO EXPRESS 2015” co obxectivo de posibilitar un período de formación práctica.

FUNDACIÓN SEPI- CORREO EXPRESS BOLSAS DE PRÁCTICAS

Requisitos

- Nacer con posterioridade ao 31.12.1984.
- Ter rematados os estudos nalgunha das titulacións relacionadas.
- No caso da convocatoria do ano 2015, ter unha das titulacións presentes no listado, con anterioridade ao 31.12.2011.
  No ser beneficiario dalgún programa de bolsas da Fundación con anterioridade.
- Nivel de inglés alto, valoraranse outros idiomas.

Lugar

En calquera dos centros de Correo Express.

Prazos de solicitude

Último trimestre do ano.

Proceso de selección

O proceso de selección estará a cargo dun xurado composto por representantes do grupo Airbus e da SEPI.
Estará composto por unha fase de preselección e un conxunto de probas de aptitude e competencias, proba de inglés e unha entrevista.

Para máis información: fundacionsepi.es

Duración e contía

A duración total é de 6 meses, coa posibilidade de prorrogala a doce meses, previa solicitude de Correos Express e obtida a autorización da Fundación.
O bolseiro recibirá unha asignación de 600 euros ao mes.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O programa europeo ARGO ten por obxecto facilita-la realización dun período de prácticas en empresas no ámbito internacional.

SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO. PROGRAMA ARGO PRÁCTICAS PROFESIONAIS

Requisitos

- Titulado españois e estranxeiros con residencia menores de 35 anos.
- Estar en disposición dun título universitario ou Máster.
- Non ter sido beneficiario dunha bolsa de mobilidade para a mesma finalidade.
- Cumprir cos requisitos de entrada e permanencia no país de destino.

Lugar

Diversos países.

Prazos de solicitude

A convocatoria permanecerá aberta ata o 31/12/2016, mais o proceso de inscrición realízase segundo estipule o Ministerio de Educación.

Proceso de selección

No proceso de selección valorarase o expediente académico, o curriculum vitae, nivel de idioma requirido e outros requisitos establecidos pola empresa. Posteriormente a empresa realizará a avaliación dos candidatos propostos.
Para máis información: becasargo.es

Duración e contía

A contía da bolsa é de entre 450-1300 euros ao mes, segundo o país de destino.
A duración da estancia é de entre 5 e 8 meses

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

A Universidade Rei Xoán Carlos e a Fundación Universidade-Empresa promoven o programa Pasarela, dirixido a mozos titulados de Formación Profesional de grao superior, co obxectivo de complementar a súa formación cos coñecementos máis demandados polas empresas actualmente. A bolsa consta dun programa práctico nunha empresa e dun programa formativo de 80 horas na Universidade Rei Xoán Carlos, repartidas en módulos presenciais e a distancia.

UNIVERSIDADE REI XOÁN CARLOS E FUNDACIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA. PROGRAMA PASARELA

Requisitos

- Ser cidadán español ou estranxeiro con permiso de residencia.
  Posuír un título de Formación Profesional de grao superior, obtido nos cinco anos anteriores á convocatoria.
- Ser menor de 30 anos no momento de solicitude da bolsa.
- Non ter desempeñado traballo profesional algún relacionado coa súa titulación, sexa por conta propia ou allea.
- No ser beneficiario con anterioridade do programa de bolsas ou doutros programas análogos.

Lugar

Nunha empresa en España.

Prazos de solicitude

Convocatoria aberta todo o ano.

Proceso de selección

A selección dos bolseiros e a adxudicación das prazas realizarase polo comité de selección d o programa xunto coas empresas, podendo incluír entrevistas persoais.

Duración e contía

A duración total é de 12 meses, e o bolseiro recibe axuda de estudo de 700€ brutos mensuais.

Convocatoria de Bolsas internacionais para titulados universitarios financiadas con fondos europeos.

DEPUTACIÓN DE OURENSE. BOLSAS DA PARA ESTANCIAS E PRÁCTICAS LABORAIS EN EMPRESAS EUROPEAS

Requisitos

- Posuír titulación universitaria nunha universidade española ou estar en condición de obter a titulación na data que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Ter coñecementos de portugués e/ou inglés cun nivel suficiente para desenvolver unha práctica laboral axeitada ao seu grao de formación académica.
- Posuír coñecementos de informática a nivel de usuario.
- Non ter gozado anteriormente dunha bolsa do Programa Leonardo da Vinci do grupo obxectivo PLM: persoas no mercado laboral.

Lugar

Estados membros da UE, preferentemente Reino Unido e Portugal.

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

Proceso de selección

Previamente á validación, deberanse achegar, en formato electrónico, o formulario de solicitude e todos documentos avaliables non obrigatorios: certificado de empadroamento nun municipio da provincia de Ourense; xustificante acreditativo de obter o título académico no Campus de Ourense (Universidade de Vigo) ou no centro asociado da UNED en Ourense, e certificado acreditativo da discapacidade do solicitante igual ou superior ao 33%.

Para máis información:
becasinternacionais.depourense.es

Duración e contía

As bolsas teñen unha duración media de 14 semanas e o importe difire en función do país de destino.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.6. Organismos privados

Bolsa que impulsa a formación executiva de profesionais que desenvolven a súa actividade en pemes, co obxectivo de contribuír ó seu desenvolvemento e crecemento.

ESCOLA DE ALTA DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN (EADA). BOLSA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA PARA O PROGRAMA SOCIAL MEDIA SKILLS DA EADA

Requisitos

Dirixida a empresas cun equipo inferior a 15 empregados.
Documentos a achegar:

- Unha carta explicando a traxectoria da empresa nos últimos anos e cómo a formación pode axudar a conseguir os obxectivos estratéxicos.
- Acreditación da relación profesional da persoa solicitante coa empresa.

Lugar

En pemes españolas.

Prazos de solicitude

Ata 15 días antes do inicio do programa ó que se aplica.

Proceso de selección

Máis información en: http://www.eada.edu

Duración e contía

A bolsa cobre o 15% do importe do programa.

UNAIDS ofrece prácticas para colaborar nas súas tarefas e afondar nas súas políticas, actividades e metas.

ONU SIDA (UNAIDS)

Requisitos

- Estar cursando estudos superiores que conduzan a unha titulación oficial de grao ou posgrao e equivalentes.

Lugar

Sede en Xenebra (Suíza).

Prazos de solicitude

No primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Para máis información: unaids.org

Duración e contía

A duración varía entre as 6 semanas e os 3 meses. Non son remuneradas.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo convoca bolsas para realizar prácticas profesionais e de investigación turística nas Consellerías Españolas de Turismo no Estranxeiro.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO. BOLSAS “TURISMO DE ESPAÑA”

Requisitos

- Ter nacionalidade española.
- Dispor dunha Licenciatura ou Grao universitario (calquera), ou ben dispor dunha Diplomatura en Turismo, Ciencias Económicas e Empresariais, Marketing, Socioloxía e Xestión e Administración Pública. Ditas titulacións deberon superarse con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 e antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Ter unha nota media mínima de 6,5 sobre 10 ou 1,75 sobre 4, nas cualificacións finais dos estudos que se aleguen para concorrer á bolsa.
- Non ter obtido con anterioridade ningunha bolsa «Turismo de España», nin ter obtido nos tres anos anteriores ao desta convocatoria dunha bolsa para unha finalidade similar.
- Posuír coñecementos de inglés (nivel B2) e do idioma do país (nivel B2) no que estea situada a Consellería de Turismo.

Lugar

Nas Oficinas de Turismo Españolas no Estranxeiro:

- **Europa:** Berlín, Bruxelas, Copenhague, Dublín, Düsseldorf, Estocolmo, Frankfurt, Helsinki, A Haia, Lisboa, Londres, Milán, Moscova, Múnic, Oslo, París, Roma, Varsovia, Viena, Zürich.
- **Rexión Asia- Pacífico:** Cantón, Pekín, Tokio e Mumbai.
- **Norteamérica:** Chicago, Os Ánxeles, Miami, México, Nova York, Toronto.
  Sudamérica: Bos Aires, Sao Paulo.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

A ordenación e instrución do procedemento estará a cargo da Dirección Xeral de TURESPAÑA e convocará aos candidatos a unha entrevista persoal.

Duración e contía

Nas oficinas de Europa (excluído Moscova) a contía anual prevista é de 24.000 euros, mentres que no resto de rexións é de 31.000€. A duración máxima prevista é de dous anos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

O Consello de Seguridade Nuclear convoca bolsas para a valoración, supervisión e control da seguridade das instalacións nucleares e radioactivas e a protección radiolóxica dos seus traballadores, así como do público en xeral, mediante a prevención da contaminación radioactiva do ambiente.

CONSELLO DE SEGURIDADE NUCLEAR .BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Titulados superiores universitarios nas especialidades científicas ou técnicas (licenciado, enxeñeiro superior, arquitecto ou graduado).
- Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea e residente en España no momento de solicitar ou de incorporarse á bolsa.
- Obter o título con posterioridade ao ano 2006.

Lugar

No Consello de Seguridade Nacional, con algún posible desprazamento puntual a outros lugares da xeografía española.

Prazos de solicitude

Trinta días naturais a partir do seguinte á data de publicación da convocatoria no BOE.

Proceso de selección

Valoraranse os méritos acreditados.

Para máis información: http://www.csn.es

Duración e contía

A duración inicial das bolsas é de doce meses, podendo prorrogarse ata un máximo de dous anos.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.3. Outros organismos públicos

Convocatoria de bolsas para a formación teórica e práctica de posgrao en materia de consumo

AXENCIA ESPAÑOLA DE CONSUMO, SEGURIDADE ALIMENTARIA E NUTRICIÓN. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Ter a nacionalidade dun Estado membro da UE, así como os estranxeiros residentes legalmente en España.
- Dominio do idioma castelán.
- Estar en posesión de titulación universitaria de licenciatura ou grao.
- Non ser beneficiario con anterioridade dunha bolsa destas características no Instituto Nacional de Consumo.

Lugar

Nas instancias do Instituto nacional de consumo.

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

Proceso de selección

Os interesados dirixirán as súas solicitudes, de acordo co modelo de instancia que se inclúe na convocatoria, ao rexistro do Instituto Nacional de Consumo.

Para máis información:
consumo-ccu.es

Duración e contía

A duración prevista é dun ano, prorrogable outro ano. A contía anual fixarase na respectiva convocatoria anual.

1. Bolsas e prácticas profesionais
1.2. Organismos públicos galegos

A Consellería do Mar da Xunta de Galicia convoca un total de catro bolsas de formación, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de prácticas de produción de cría de bivalvos.
O tránsito á vida laboral é un dos aspectos máis relevantes nos novos enfoques da formación profesional. Dentro das iniciativas que se teñen revelado como máis eficaces para producir con éxito ese tránsito está o modelo de empresa tutelada. Este modelo facilita un período de práctica laboral nun ámbito de empresa simulada, no cal se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero en que a titularidade dos medios de produción é da Administración responsable do proceso de formación. Co fin de facilitar o seu proceso de formación, os/as bolseiros/as contarán co asesoramento, orientación e dirección de dous/dúas titores/as que definirán as tarefas que se van realizar.

CONSELLERÍA DO MAR: BOLSAS DE FORMACIÓN PARA TITULADOS/AS EN CICLOS FORMATIVOS DE ACUICULTURA

Requisitos

Poderán ser beneficiarios/as destas bolsas aqueles/as solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:
a) Ter nacionalidade española, ser nacional dun país membro da Unión Europea ou ser estranxeiro/a con permiso de residencia en España no momento de solicitar a bolsa, sempre que domine algunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
b) Estar en posesión dun ciclo formativo de acuicultura na data de remate do prazo de presentación de solicitudes desta orde de convocatoria. Pode presentarse aquel alumnado titulado como técnico medio en Operacións de Cultivo Acuícolas/técnico medio en Cultivos Acuícolas e/ou técnico superior en Produción Acuícola/técnico superior en Acuicultura.
c) Non estar incapacitado/a fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir a realización normal da actividade formativa obxecto das bolsas que se convocan.
d) Non ter sido beneficiario/a destas bolsas ou outras similares en anteriores convocatorias.

Lugar

Os/as beneficiarios/as realizarán as actividades prácticas de produción de cría de bivalvos nas instalacións do Instituto Galego de Formación en Acuicultura na Illa de Arousa (Igafa), segundo a programación formulada polo/a titor/a correspondente.

Prazos de solicitude

Ata o 1 de agosto de 2016.

Proceso de selección

Os servizos da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos na presente orde e exporán, nun prazo de dez días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, a lista de solicitudes admitidas e excluídas.
Unha vez completados os expedientes, remitiranse a unha comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que os examinará e valorará segundo o establecido na Convocatoria.
Só se valorarán aqueles méritos acreditados documentalmente polo/a solicitante xunto coa súa solicitude.
A puntuación final obterase da suma do expediente académico, do currículo e da valoración da memoria.

As persoas candidatas serán ordenadas por orde decrecente da puntuación obtida e as bolsas adxudicaranse ás que acaden maior puntuación.
Máis información aquí.

Duración e contía

As bolsas terán unha duración de dous (2) anos, contados desde a data indicada na resolución de concesión da bolsa e sen posibilidade de prórroga e o importe bruto mensual de cada bolsa será de oitocentos euros (800 €).